Aproveitamento de residuos agroforestais como fonte de biogas e compost

Óscar Arias Vázquez

Tese de doutoramento UDC / 2020

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aproveitamento de residuos agroforestais como fonte de biogas e compost

Autor: Óscar Arias Vázquez

Tese de doutoramento UDC / 2020

Director: Manuel Soto Castiñeira

Departamento de Química

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

DEPARTAMENTO DE QUÍMICA
Universidade da Coruña Facultade de Ciencias
Rúa da Fraga, 10 (Campus da Zapateira) 15008 A Coruña
Tfno.: (+34) 981 167 000 ext. 2165
Fax: (+34) 981 167 065
e-mail: dptqfeq@udc.es

MANUEL SOTO CASTIÑEIRA, Catedrático de Universidade, pertencente ao Departamento de Química da Universidade de A Coruña,

AUTORIZA

A Óscar Arias Vázquez a presentar a memoria titulada "**Aproveitamento de residuos agroforestais como fonte de biogas e compost**", que foi realizada baixo a miña dirección no Laboratorio de Enxeñaría Química na Facultade de Ciencias para optar ao grado de Doutor pola Universidade de A Coruña.

E para que conste aos efectos oportunos asina a presente en
A Coruña, a 24 de xullo de 2020.

Asdo. **Manuel Soto Castiñeira**

AGRADECEMENTOS

Non tiña claro se engadir este apartado mais a súa ausencia poderíase interpretar dun xeito que non me agradaba. Si teño claro que, chegado este momento e na forma de agradecementos ou máis vaidosamente na de adicatoria, ámbalas dúas terían unha única protagonista. A miña mai. O que agora remata, tomou folgos logo de ler unha nova no xornal *El Progreso de Lugo*. Na miña vila. Concretamente, na cafetería que hai diante da oficina de Correos. Apenas un pequeno paragrafo, na esquina inferior esquerda dunha das súas páxinas internas abondou para que todo empezase. Case sen lembrar da última vez que pisara a Universidade.

Dende entón, perdín conta das veces nas que teño lembrado daquela mañá. O que agora remata non deixa de ser outra cousa que o resultado dun continuo exercicio de malabares baixo o que conciliar unha tesa coa miña vida profesional e persoal. A miña maior recompensa viría dada no caso de que algún dos contidos que aquí se presentan supuxesen unha inspiración, por leve que esta fose, para outros por vir ou que xa están, no agromo de iniciativas para mellorar o escenario e atenualas actuais eivas do noso sector primario.

Sen ánimo de me extender moito, agradézolle a Manolo a dirección deste traballo e desatoar os non poucos partados e situacións que non podía resolver. Tamén, especialmente, e sen gardar relación, o que fixeches aló por decembro de 2017. Nos principios era máis dependente e recordando aqueles momentos, quero recoñecer a axuda e implicación do persoal do servizo de préstamo interbibliotecario da UDC así como animar ao estudantado a aproveitar o seu bo facer. Nesta viaxe e retrospectivamente, non podo esquecer as conversas con Helena. Tampouco ao amigo e compañeiro Pulgar. A Esther. A Henrique. A Raquel. Yuyixito. A Ruth tamén por botarme unha mau cando o precisei.

Por último y por supuesto por esto mismo, lo más importante, a la Señorita Sheila. Debo confesarte que todo el tiempo que te dije que pasaba con Claudio y el loro, no era del todo cierto. Las páginas que vienen a continuación me llevaron mi tiempo. Imposible decírtelo ahora porque dirías que soy un mentiroso. Prefiero que te hagas mayor y llegado el momento, y si algún día llegas a leer lo que ahora te dejo, sonrías. De la misma manera que lo estoy haciendo yo ahora.

En Sarria, a setembro de 2020.

RESUMO

En Galicia o uso forestal representa aproximadamente 2/3 da superficie total. A súa elevada produtividade ocasiona importantes cantidades fitomasa, en moitas ocasións sen valor comercial e susceptible de ser valorizada. Ao tratárense de materiais cunha elevada proporción de C, avaliouse a súa participación en compostaxe engadindo xurro de gando porcino, vector de auga e N, para impulsar o proceso. Ademais integráronse por primeira vez lodos resultantes da fabricación de taboleiros de fibra de media densidade (MDF) como aditivo a co-compostar. Os estudos ampliáronse coa avaliación de produción de biometano a partires da dixestión anaerobia destes lodos e das augas de proceso da industria de taboleiros MDF.

Os resultados acadados confirman a súa aptitude para seren transformados baixo as dúas técnicas (compostaxe e dixestión anaerobia) , subliñando factores a ter en conta para mellorar a eficiencia dos procesos. A investigación procurou a búsqueda de sinerxías entre distintos fluxos de residuos do sector agrogandeiro galego. Os beneficios acadados traduciríanse nunha vía de xestión distinta á aplicación directa ao solo das dexeccións gandeiras líquidas, da valorización dos residuos da industria forestal, e unha redución do combustible no monte co gallo de reducir o risco de incendio forestal.

RESUMEN

En Galicia, el uso forestal representa aproximadamente 2/3 de la superficie total. Su alta productividad proporciona cantidades significativas de fitomasa, en muchas ocasiones sin valor comercial y susceptible de ser valorizada. Al tratarse de materiales con una elevada proporción de C, se evaluó su participación en compostaje añadiendo purín de ganado porcino, vector de agua y N, para impulsar el proceso. Además, se integraron por primera vez lodos resultantes de la fabricación de tableros de fibra de densidad media (MDF) como aditivo de co-compostaje. Los estudios se ampliaron con la evaluación de la producción de biometano a partir de la digestión anaerobia de lodos y el agua de proceso de la industria de tableros de MDF.

Los resultados obtenidos confirman su aptitud para ser transformados mediante las dos técnicas (compostaje y digestión anaeróbica), subrayando los factores a tener en cuenta para mejorar la eficiencia de los procesos. La investigación buscó encontrar sinergias entre diferentes flujos de residuos en el sector agroforestal gallego. Los beneficios logrados se traducirían en una vía de gestión distinta a la aplicación directa al suelo de las deyecciones ganaderas líquidas, la recuperación de residuos de la industria forestal y la reducción de combustible en los montes gallegos con el fin de reducir el riesgo de incendio forestal.

ABSTRACT

In Galicia, forestland represents approximately 2/3 of the total area. Its high productivity provides significant amounts of phytomass, often unmarketable and capable of being valued. As they are predominantly materials with a high C proportion, their participation in composting was evaluated by adding pig slurry, acting as water and N vector, to boost the process. In addition, sludge resulting from the manufacture of medium density fiberboard (MDF) as a co-composting additive was integrated for the first time. Studies were extended with the evaluation of biomethane production from anaerobic sludge digestion and raw wastewater resulting from the MDF tableboard industry.

The results obtained confirm its suitability to be transformed by the two techniques (composting and anaerobic digestion), underlining the factors to be taken into account to improve the efficiency of the processes. The research aimed to find synergies between different waste streams in the Galician agroforestry sector. The benefits achieved would be translated into a different management route to the direct application to the soil of liquid livestock dejections, the recovery of forest industry wastes and the reduction of forest phytomass in the Galician forestalnd in order to reduce the risk of wildfires.

0. Índice e limiar.

0.1. Índice.

CAPÍTULO I.

CAPÍTULO II.

CAPÍTULO III.

CAPÍTULO VI.

CAPÍTULO VII.

0.2. Limiar.

A xestión de residuos segue a ser un desafío ao que se enfrontan os gobernos. Nos seus respectivos ámbitos e en materia de dispoñibilidade de recursos, as diferentes Estratexias de Economía Circular avogan por cambios de modelo de consumos liñais por outros circulares baixo os que pechar os ciclos de materia orgánica.

En Galicia, unha terceira parte da súa poboación está concentrada preto das súas principais sete cidades. A restante atópase desordeadamente espallada en entidades de carácter rural o semirrural fortementemente vencelladas co espazo agrario e forestal, usos maioritarios no seu territorio. Ata mediados do século XX existían importantes ligazóns entre ambos espazos ao punto que a contorna forestal complementaba ao agrario de múltiples xeitos. Dende entón o gradual abandono de terras viu acompañado pola redución do número de explotacións agrarias, concentración das producións gandeiras e desaparición de usos ancestrais de aproveitamento da matogueira. A superficie adicada a cultivos foi reemplazada espontáneamente polo mato ou destinada á plantación con especies forestais, en boa medida ao abeiro da Directiva EU 2080/92 de forestación de terras agrarias. No escenario actual, a superficie forestal en Galicia representa case o 70 % segundo o IV Inventario Forestal Nacional, namentres que a superficie agraria útil ten descendido ata as 50.000 ha durante o periodo que separa os dous últimos censos agrarios actualmente dispoñibles (1999 y 2009).

A preponderancia do espazo forestal e abondosa acumulación de fitomasa contribúe de xeito significativo ao secuestro de carbono, mitigando os efectos do cambio climático. Porén este efecto é contrarrestado en Galicia pola cíclica ocurrencia de incendios forestais, arrasando anualmente miles miles de hectáreas de superficie arborada e matogueiras.

A elevada produtividade do monte galego representa unha oportunidade para a obtención de fitomasa con escaso ou nulo valor comercial. Nos últimos anos e entre as especies de frondosas, existe un interese crecente dos propietarios forestais polo castiñeiro, capaz de ofrecer rendas anuais por medio do froito, ou a final de quenda coa corta da árbore en forma dunha madeira moi aprezada pola súa excelente calidade. O mantemento destas plantación e a recoleción do froito, nalgúns lugares realizada mecanizadamente, propicia a acumulación de biomasa forestal residual (en forma de restos de poda, outizos, follas e especies adventicias).

Esta fitomasa forestal, pode ser considerada como un combustible susceptible de arder sen control. A súa xestión é acometida pola Lei de montes de Galicia de diferentes maneiras a fin de reducir a súa abondosidade ou xeito na que se dispersa no medio forestal. Esta lei encomendou específicamente á Xunta de Galicia a promoción de políticas relacionadas coa compostaxe e a eficiencia enerxética. No que respecta ao compost, ata o momento non se levou a cabo ningunha iniciativa, ao tempo que se estimulou o enfoque enerxético a través da Estratexia Integral para Promover a Biomasa Forestal 2014-2020. O seu obxectivo é activar unha industria asociada á recuperación enerxética da biomasa forestal con fins térmicos, aspirando a obter un descenso anual do 14% no consumo de combustibles a base de petróleo, recursos dos cales Galicia é moi deficiente.

O obxectivo principal desta tese é o estudo de usos alternativos á combustión da materia orgánica mediante procesos de biodegradación. Persíguese que o C secuestrado pola vexetación non pase novamente a atmosfera mediante a súa combustión, pechando os ciclos da materia orgánica pola súa incorporación ao solo por medio da fertilización ou enmenda. A compostaxe constitúe unha posibilidade tecnolóxica de baixo custo para tratar esta biomasa. O deito de tratarse de materiais cunha elevada proporción de C convida á integración doutros substratos que contribúan a equilibrio da relación C / N das mesturas e favorecer así este proceso.

As dexeccións animais constitúen candidatos ideais polo seu elevado contido en N. Entre elas, as que se presentan fundamentalmente en forma líquida debido a que a compostaxe representa un proceso exotérmico que precisa auga para manter a actividade dos microorganismos. O gando porcino é unha das principais especies explotadas en Galicia con importantes concentracións localizadas. A diferencia do gando bovino, a ausencia dunha base territorial cultivable asociada á explotación e a continua diminución da superficie agraria útil, fan necesario o suxerir métodos alternativos de xestión distinta á habitual aplicación directa ao solo como fertilizante.

Ademáis, estodouse a dixestión anaerobia das augas de proceso e lodos resultantes da fabricación de taboleiros de fibras de media densidade. Galicia é un produtor relevante deste tipo de taboleiros e previamente non se tiñan avaliados estes materiales con este fin. Durante o proceso de fabricación xérase unha cantidade importante destes residuos que non son valorizados e incrementan os custes de produción. Investigouse a participación do lodo en procesos de compostaxe para obter un produto biotransformado capaz con posibilidades de ser retornado ao solo, pechando así o ciclo monte-industria. Adicionalmente avaliouse a súa biometanización e o das augas procedentes da fabricación dos taboleiros co obxectivo de obter enerxía renovable, reducindo a dependencia enerxética dunha industria electro-intensiva e reducindo os custos de xestión, tanto do logo como das augas residuais.

As experiencias levadas a cabo resúmense a continuación, sucesivamente expostos como Capítulos da tese:

Inicialmente a investigación centrouse na biomasa forestal, resultante das operacións silvícolas de mantemento e recoleción do froito dunha plantación nova de castiñeiros (**Capítulo 1**). Avaliouse a súa potencial compostaxe en contedores 340 L, actuando o xurro porcino como aporte de N e auga. O lodo procedente dunha planta de depuración de augas de proceso da fabricación de taboleiro MDF integrouse como aditivo. Deseñáronse ensaios con distintas proporcións dos materiais para testar as diferenzas. A intensidade do proceso en tódolos casos foi inferior fronte a unha mestura testemuña facilmente degradable, con diferenzas de 10-15 ºC no pico da fase termofílica. O ensaio composto unicamente por fitomasa forestal non superou a fase mesofílica nas condicións de ensaio, mentras que a adición de lodo reduxo considerablemente as perdas de N. Obtívose un compost con elevado contido en nutrientes, baixa condutividade eléctrica e contido en metais pesados, podendo ser reincorporado na fertilización forestal.

O **Capítulo 2** afonda na compostaxe dos materiais indicados, incrementando o volume das mesturas ata os 2 m^3. Investigouse o efecto do tamaño da matriz procurando acadar a etapa termofílica no ensaio composto pola fitomasa do castiñeiro e o xurro porcino. Incorporouse a fitomasa da matogueira como novo axente estruturante e unha nova variable, a compactación, para avaliar o seu efecto sobre a intensidade do proceso. Para maximizar a cantidade de xurro empregado, procedeuse a reducir, por simple oreado, a humidade dos materiais sólidos empregados. Os ratios de consumo de xurro variaron entre os 1.8 y 2.5 l por kg de materia seca da fracción sólida. O incremento de volume das matrices propiciou a fase termofílica no ensaio composto pola fitomasa dos castiñeirais (nesta ocasión composta por follas e ourizos). Nesta mestura e a que contiña o lodo, acadouse a hixienización do material por baixo dos límites marcados polo R.D. 506/2013 de produtos fertilizantes. A compactación incrementou significativamente a temperatura do proceso, constituindo unha sinxela alternativa para variar as condicións do proceso.

O **Capítulo 3** avaliou o parámetro da demanda biolóxica de osíxeno (DBO_5), habitualmente empregado en augas residuais, como medio para determinala estabilidade do compost. Trátase dun sinxelo método alternativo a outros máis sotisficados que requiren persoal e equipo especializado. Para elo empregáronse mostras de compost da fracción orgánica dos residuos sólidos urbanos procedentes de dúas plantas a escala industrial, de composteiros domésticos e de residuos agroforestais estudados nos Capítulos precedentes. Os resultados comparáronse cun procedemento respirométrico e o test de autoquecemento, indicadores empregados habitualmente na lexislación sectorial (residuos e fertilizantes). Os índices obtidos coa DBO_5 correlacionáronse cos estándares de referencia. Comparativamente con estes, o limiar de estabilidade estableceuse en 25 mg O_2 gSV^{-1} de DBO_5.

A integración do lodo da industria de taboleiros MDF en procesos de compostaxe supuxo o primeiro intento documentado ata o momento empregando esta técnica. O **Capítulo 4** procurou avaliar a dixestión anaerobia como alternativa de tratamento que podería, ademáis de reducir custes de xestión, proporcionar biometano. A investigación exténdouse ás augas de proceso que dan lugar a este lodo, tamén inexploradas ata o momento con este fin. Estas augas son tratadas na actualidade aplicando, de manera secuencial, un tratamiento físico-químico e outro de tipo biolóxico. Avaliouse o potencial biolóxico de metanización así como o seu tratamento anaerobio tanto para a agua de entrada e salida do tratamento primario, como para o lodo. Para elo establecéronse experimentos batch cunha única ou múltiples alimentacións. A toxicidade metanoxénica para a auga sen tratar e o lodo require dilucións, producindo respectivamente 4.0 y .5 l de CH_4 por litro de auga. A agua resultante do tratamento primario non presenta toxicidade pero o rendemento descende ata 0.7 l de CH_4 por litro de auga. A simple sedimentación mellora os rendementos obtidos producindo ademais unha eliminación do 82% dos sólidos en suspensión, evitando a obstrución dos dixestores e mellorando o seu tratamento anaeróbico en unidades continuas.

Os Capítulos 1 e 2 abordaron a compostaxe como técnica capaz de xestionar e transformar residuos agroforestais. O **Capítulo 5** centrouse na disertación relativa as condicións que deben acadar os composts para poder ser aplicados directamente ao solo en Galicia. A ausencia dunha norma que regule específicamente a fertilización dá lugar a un espazo no que conflúen normas que tanxencialmente regulan a materia. O denominador común na maioría dos casos é a xestión de residuos. A investigación subliña diferenzas entre a norma estatal de fertilizantes e a autonómica, que aborda a xestión de lodos así como otros residuos orgánicos, na que a propiedade fertilizante do produto transformado queda nun segundo plano. Na maioría dos casos, a carga de N, a materia seca, ou o binomio N-P e metais pesados, determinan a máxima cantidade que pode ser aplicada ao solo. Entre outras consideracións, sublíñanse situacións relevantes como a necesaria observación do Código de Boas Prácticas na Agricultura para os composts comerciais mentras que para os estercos é optativa en tanto non se teñen declarado zonas vulnerables a nitratos en Galicia.

0.3. General abstract.

Waste management remains a challenge that governments face. In their respective areas and in terms of resource availability, the different Circular Economy Strategies advocate changes in the model of linear consumption by other circulars under which the cycles of organic matter would be closed.

In Galicia, a third of its population is concentrated near its main seven cities. The rest is disorderly spread throughout rural or semi-rural entities strongly linked to the agricultural and forestry space, the majority of uses in its territory. Until the middle of the twentieth century there were important links between both areas to the point that the forest environment complemented the agrarian in many ways. Since then, the gradual abandonment of land has been accompanied by a reduction in the number of farms, concentration of livestock production and the disappearance of ancestral uses of scrub. The area devoted to crops has been spontaneously replaced by scrub or dedicated to planting with forest species, largely under EU Directive 2080/92 on afforestation of agricultural land. In the current scenario, the forest area in Galicia represents almost 70% according to the IV National Forest Inventory, while the useful agricultural area has fallen to 50.000 ha during the period between the last two currently available agricultural censuses (1999 and 2009).

The preponderance of forest space and abundant accumulation of phytomass contributes significantly to carbon sequestration, mitigating the effects of climate change. However, this effect is counteracted in Galicia by the cyclical occurrence of forest fires, destroying thousands of hectares of forestland annually.

The high productivity of the Galician forest represents an opportunity to obtain phytomass with scarce or no commercial value. In recent years and among deciduous species, there is a growing interest of forest owners in chestnut, able to provide annual income through the fruit, or the tree cutting turn in the form of a wood highly prized for its excellent quality. The maintenance of these plantations and the harvesting of the fruit, in some places carried out mechanized, propitiates the accumulation of residual forest biomass (in the form of pruning wastes, burrs, leaves and adventitious species).

This forest phytomass can be considered as a fuel that can burn without control. Its management is undertaken by the Galician Forest Law in different ways in order to reduce its abundance or the way it is dispersed in the forest environment. This law has specifically entrusted the Xunta de Galicia with the promotion of policies related to composting and energy efficiency. With regard to compost, so far no initiative has been carried out, while stimulating the energy approach through the Comprehensive Strategy to Promote Forest Biomass 2014-2020. Its aim is to activate an industry associated with the energy recovery of forest biomass for thermal purposes, aspiring to

obtain an annual decrease of 14% in the consumption of petroleum-based fuels, very scarce resources in Galicia.

The main objective of this thesis is the study of alternative uses to the combustion of organic matter through biodegradation processes. The aim is to ensure that the C seized by vegetation does not re-enter the atmosphere through combustion, closing the cycles of organic matter due to its incorporation into the soil through fertilization or amendment. Composting is a low-cost technological possibility to treat this biomass. The fact of being essentially materials with a high C proportion invites the integration of other substrates that contribute to balance the C / N ratio of the mixtures and thus favor this process.

Animal manure is an ideal candidate due to its high N content. Among them, those that are mainly in liquid form because composting represents an exothermic process that needs water to maintain the activity of microorganisms. Pig cattle is one of the main species exploited in Galicia with important localized concentrations. Unlike cattle, the absence of a cultivable territorial base associated with exploitation and the continuous decrease of the Useful Agricultural Surface Area, make it necessary to find alternative management methods other than their direct application to the soil as fertilizer.

In addition, the anaerobic digestion of process water and sludge resulting from the manufacture of medium-density fiberboard was studied. Galicia is a relevant producer of this type of boards and these materials had not been previously evaluated for this purpose. During the manufacturing process a significant amount of this waste is generated which is not recovered and increases production costs. The integration of sludge into composting processes has been investigated to obtain a biotransformed product capable of being returned to the soil as a fertilizer or amendment, thus closing the forest-industry cycle. In addition, its biomethanization and that of water from wood refining were evaluated with the aim of obtaining renewable energy, reducing the energy dependence of an electro-intensive industry and reducing management costs, both for the sludge and for wastewater.

The experiments carried out are summarized below, successively set out as Chapters of the thesis:

Initially the research focused on forest biomass, resulting from silvicultural practices and fruit harvesting operations of a new chestnut plantation (**Chapter 1**). Its potential composting in 340 L composters was evaluated, watering with pig manure thus adding N and water. Sludge from a process water treatment plant from the manufacture of MDF board was integrated as an additive. Trials with diverse proportions of materials were designed to avaliate results. The intensity of the process in all cases was lower compared to an easily degradable control mixture, with differences of 10–15 ºC at the peak of the thermophilic phase. The test composed solely of forest phytomass did not pass the mesophilic phase under the experienced conditions, while the addition of sludge considerably reduced the N losses. A compost with high nutrient content, low electrical conductivity and heavy metal content was obtained, making it possible to be returned to forestland as a fertilizer.

Chapter 2 deepens in the composting of the indicated materials, increasing the composting mixtures to 2 m^3. The effect of matrix size was investigated trying to reach the thermophilic stage in the trial composed by chestnut phytomas and pig manure. Shrub phytomass was incorporated as a bulking agent and a new variable, compaction, to evaluate its effect on process intensity. In order to maximize the amount of the pig manure used, the moisture content of the solid materials used was reduced by simply gilding. Water consumption ratios ranged from 1.8 to 2.5 l per kg of dry matter in the solid fraction. The increase in volume of the matrices led to the thermophilic phase in the test composed of chestnut phytomas (this time composed of leaves and burrs). In this mixture and the one containing the sludge, the sanitization of the material was achieved below the limits set by RD 506/2013 of fertilizer products. Compaction significantly increased the process temperature, constituting a simple alternative to varying process conditions.

Chapter 3 evaluated the parameter of the biological oxygen demand (BOD_5), commonly used in wastewater as a technique to determine the compost stability. This is a simple alternative method to more sophisticated ones that require specialized staff and equipment. For this purpose, compost samples of the organic fraction of urban solid waste from two plants on an industrial scale, from domestic composters and agroforestry waste studied in the preceding Chapters were used. The results were compared with a respirometric procedure and the self-heating test, indicators commonly used in sectoral legislation (wastes and fertilizers). The values obtained with BOD_5 were correlated with the reference standards. Compared to these, the stability threshold can be set at 25 mg O_2 gSV^{-1} of BOD_5.

The integration of sludge from the MDF board industry into composting processes was the first documented attempt to date using this technique. **Chapter 4** aimed to assess anaerobic digestion as an alternative treatment that could reduce management costs and provide biomethane. The research was extended to the process wastewaters, source of the sludge, also unexplored so far for this purpose. These waters are currently treated by applying, sequentially, a physical-chemical and a biological treatment. The biological potential of methanation as well as its anaerobic treatment was evaluated for both the inlet and outlet water of the primary treatment, as well as for the sludge. To do this, batch experiments with a single or multiple feeds were established. Methanogenic toxicity to untreated water and sludge requires dilutions, producing respectively 4.0 and .5 l of CH_4 per liter of water. The water resulting from the primary treatment has no toxicity but the yield drops to 0.7 l of CH_4 per liter of water. Simple sedimentation improves the yields obtained, also producing an 82% elimination of suspended solids, avoiding the obstruction of digesters and improving their anaerobic treatment in continuous units.

Chapters 1 and 2 addressed composting as a technique capable of managing and transforming agroforestry waste. **Chapter 5** focused on the dissertation on the conditions that must reach the compounds to be applied directly to the soil in Galicia. The absence of a norm that specifically regulates fertilization gives rise to a space in which norms that tangentially regulate this issue converge. The common denominator in most cases is waste management. The research highlights differences between the spanish state standard of fertilizers and the galician one, which addresses the management of sludge as well as other organic waste, in which the fertilizer property of the processed product is in the background. In most cases, the N load, the dry matter, or the NP binomial and heavy metals, determine the maximum amount that can be applied to the soil. Among other considerations, relevant situations are highlighted such as the necessary observation of the Code of Good Practice in Agriculture for commercial composts while for manure it is optional as long as no nitrate vulnerable areas have been declared in Galicia.

CAPÍTULO I

INTRODUCIÓN E OBXECTIVOS

1. INTRODUCIÓN.

1.1. SOSTIBILIDADE FORESTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS.

Ao longo da historia o ser humano serviuse do medio para o seu desenvolvemento. Accións como a transformación do solo, o emprego da auga ou enerxía foron indispensables para a súa evolución. Na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Humano celebrada en 1972 recoñeceuse unha transformación do ambiente a unha escala sen precedentes, con evidencias de perigosos niveis de contaminación, trastornos nos procesos naturais da biosfera e esgotamento de recursos insubstituíbles, chamándose a atención sobre os límites do crecemento económico para un futuro non moi afastado. Case medio século despois, a Unión Europea segue a admitir que a extracción e emprego indiscriminado dos recursos alteran negativamente os ecosistemas que os proporcionan, ocasionan consecuencias graves para o estado do ambiente e minguan a dispoñibilidade de recursos claves a escala mundial (Agencia Europea de Medio Ambiente, 2015). Así, nun escenario globalizado e baixo proxeccións de incrementos de poboación próximas aos 9.700 MM de habitantes no ano 2050 (UN, 2019), en pouco tempo acadarase o pico de produción de recursos vitais que foron explotados exponencialmente nun período, en termos relativos, moi breve. Tal pode ser o caso do petróleo (Hubbert, 1949) ou o fósforo (Cordell *et al.*, 2009) con custes de extracción directa e exponencialmente proporcionais á dispoñibilidade do recurso (Figura 1.1).



Figura 1.1. Relación entre custes de extracción dos recursos non renovables e a súa dispoñibilidade. Fonte: Redibuxado a partir de Meadows (2009).

En relación á circulación de nutrientes, Rockström *et al.* (2009) presentaron evidencias de que os ciclos do N e P téñense visto gravemente afectados nos últimos tempos ata límites dificilmente sostibles, chegando a definir os procesos humanos como "válvulas xigantes" que transforman millóns de toneladas de N atmosférico en formas reactivas. Hoxe en día o ciclo destes dous nutrientes é obxecto de preocupación no ámbito da Unión Europea de xeito que as súas estratexias ambientais a medio-longo prazo buscan unha xestión máis eficiente e sostible (DOUE, 2013).

Baixo un marco global de ininterrompido deterioro do ambiente e a progresiva toma de conciencia, dende a década dos 70 empezan a xurdir as primeiras normas encamiñadas á eliminación de presións sobre a biosfera. Na actualidade a atención xa non só se centra na preservación da calidade e conservación do medio natural senón que apunta aos novos escenarios xerados ao redor das interaccións entre a sociedade e o ambiente. Especialmente no que atinxe á eficiencia no emprego dos recursos, con tendencias que integren as preocupacións ambientais dun xeito máis sistémico na sociedade e na economía (Freyling *et al.*, 2014).

En Europa o Primeiro Programa de Acción en materia ambiental data do ano 1973 estando en desenvolvemento o Sétimo Programa de Acción (2014-2020). Baixo o título "*Vivir ben, respectando os límites do noso planeta*", o Sétimo Programa pretende reenfocar as clásicas visións temáticas ambientais (solo, auga, biodiversidade, aire, etc.) e derivalas cara un enfoque integral do ambiente como capital natural, termo xa recollido na Carta dos Solos do Consello de Europa en 1972, e conceptualizado como a base da economía humana e provedor de servizos ecosistémicos (Agencia Europea de Medio Ambiente, 2015).

O Sétimo Programa conta con tres obxectivos temáticos:

1. Protexer, conservar e mellorar o capital natural de Europa.
2. Converter á Unión Europea nunha economía hipocarbónica, eficiente no uso dos recursos, ecolóxica e competitiva.
3. Protexer á cidadanía da Unión Europea fronte ás presións e riscos medioambientais para a saúde e benestar.

A Unión Europea considera que hai indicios de que as economías dos países membros achéganse aos límites ecolóxicos do sistema no que están inmersas, e de que comezan a facerse patentes algúns dos efectos das limitacións de recursos físicos e medioambientais (Agencia Europea de Medio Ambiente, 2015). Por este motivo unha das actuacións prioritarias que promove a política comunitaria en materia ambiental é unha actuación eficiente no emprego destes recursos.

Máis recentemente, o concepto de economía circular ten xurdido con forza. Aínda que con certa carga de ambigüidade, Geissdoerfer *et al.* (2017) defíneno como "*un sistema rexenerativo no que as entradas de recursos e residuos, as emisións e as fugas de enerxía son minimizadas ao desacelerar, pechar, estreitar e reducir os circuítos de materias e enerxía*". Este concepto pode referirse a múltiples temas como os residuos, xestión de recursos, sostibilidade, ecoloxía industrial, ecodeseño producións limpas ou incluso considerarse un obxectivo político (Araujo Galvão *et al.*, 2018).

Idealmente a economía circular consistiría nunha rede de conexións na que non se xerarían residuos, non se acudiría a recursos virxes non renovables e os recursos virxes renovables consumiríanse só nunha taxa inferior á da súa renovación. Porén na actualidade esta utópica visión non sempre é materializable e sobre a circularidade de materiais, poderían considerarse dous ciclos, un de tipo técnico e outro de orixe biolóxico. O ciclo técnico está baseado no emprego de recursos nos que os produtos son deseñados e comercializados de tal xeito que poida ser maximizada a súa reutilización. No ciclo biolóxico, os recursos empregados como materias primas son de orixe biótico e os produtos deberían idealmente poder ser reintroducidos nos sistemas naturais unha vez finalizada a súa vida útil (Breure *et al.*, 2018). Sobre este último aspecto, os residuos orgánicos constitúen unha abundante fonte biomasa que, adecuadamente xestionada, pode ser transformada nunha fonte de nutrientes susceptibles de ser recuperados e devoltos aos solos para acadar a mellora das súas propiedades. Isto é tanto máis importante cando en moitas ocasións a fertilidade química dos solos é restituída con aportes minerais, nalgúns casos non renovables, cunha orixe física moi distante do seu destino final.

O Comité Económico e Social Europeo (DOUE, 2015), no seu Ditame sobre as Implicacións da política en materia de clima e enerxía para o sector agrícola e a silvicultura, pronunciouse por unha estratexia activa para un crecemento sostible e viable da biomasa para a bioenerxía e bioeconomía que garanta rendas elevadas e estables suplementarias para agricultores, propietarios forestais e comunidades rurais. Segundo este Ditame as políticas da Unión Europea deberán:

- Promovela transición gradual para modelos agrarios nos que non interveñan os combustibles fósiles.
- Centrarse en mellorala eficiencia de tódolos sistemas de produción.
- Apoiar un uso máis eficiente dos recursos, incluídos a terra, a auga e os nutrientes.
- Promover un modelo sostible de agricultura e silvicultura de ciclos de produción pechados a fin de impulsala competitividade destes sectores.

No contexto da economía circular, a Unión Europea subliña a importancia de promocionar procesos innovativos na procura de simbioses nos fluxos de materiais (EU, 2015). A presenza de residuos orgánicos procedentes de diferentes sectores produtivos invita a un enfoque sistémico e transversal na súa xestión máis alá de consideracións illadas. A significación deste feito é máis notorio cando a simultaneidade de residuos ten lugar tanto no tempo como especialmente nun espazo xeográfico compartido, repercutindo finalmente nos distintos compoñentes do seu capital natural.

Baseadas sobre procesos biolóxicos, as investigacións contidas nesta tese afondan na valorización e procura de sinerxías entre residuos e biomasa residual resultantes das actividades agroforestais e da industria derivada en Galicia. Entre os beneficios ambientais xerais destácanse:

a. Redución de biomasa forestal combustible presente no monte e xa que logo, do risco de incendio forestal.
b. Alternativa de xestión de esterco distinta á súa aplicación directa ao solo.
c. Proporcionar rendas adicionais no sector primario.
d. Redución de custes para os residuos da industria forestal.
e. Recuperación de nutrientes para o seu uso agroforestal sostible.

1.2. BIODEGRADACIÓN: COMPOSTAXE E DIXESTIÓN ANAEROBIA.

A valorización dos residuos xoga un papel fundamental no marco dunha economía circular. Na actualidade os residuos orgánicos seguen a sufrir un tratamento inadecuado na maioría dos países en desenvolvemento, e incluso nalgúns desenvolvidos, debido a distintas razóns como as restricións en asignacións orzamentarias ou ao insuficiente desenvolvemento de infraestruturas (Wainaina *et al.*, 2020).

En funcións das súas características, estes residuos son maioritariamente aplicados de xeito directo ao solo como fertilizantes, ben dispostos en vertedoiros controlados ou incinerados. Fronte a estas vías, a compostaxe e a dixestión anaerobia constitúen interesantes vías para a súa transformación en valiosas substancias de carácter estable, recuperando os recursos contidos nos residuos e contribuíndo a acadar os obxectivos da economía circular (Füleky e Benedek, 2010; Wainaina *et al.*, 2020).

Estas dúas técnicas aproveitan as poboacións de microorganismos presentes nos residuos para a degradación da materia orgánica, ben en presencia (compostaxe) ou ausencia (dixestión anaerobia) de osíxeno. Multitude de residuos procedentes das actividades humanas, nas súas distintas contornas, son susceptibles de ser transformados por estas vías, que idealmente poden conducir a unha constante recirculación de recursos (Figura 1.2).



Figura 1.2. Visión sinóptica de interaccións entre a actividade humana e a biosfera, coa intervención de técnicas de orixe biolóxica para reducir o consumo de recursos naturais e a circularidade nos fluxos de residuos orgánicos. Fonte: Elaboración propia para o ámbito desta tese.

A compostaxe transforma os residuos en compost nun proceso durante o cal a materia orgánica é oxidada producindo principalmente CO_2 e H_2O. A dixestión anaerobia produce biogás como fonte de enerxía renovable e importantes cantidades de residuo semisólido, o dixestato, que pode ser integrado conxuntamente con outros residuos en procesos de compostaxe. Estes aportes de materia orgánica ou fertilizantes ao solo diminúen a presión que o ser humano exerce sobre a biosfera para a obtención de recursos non renovables coa mesma finalidade. Outra das principais vantaxes é a desviación de importantes cantidades de residuos que poden acadar os sistemas naturais en formas indesexables ou ser xestionados por outros métodos contrarios aos principios da economía circular, como pode ser a incineración.

1.2.1. Compostaxe. Fundamentos.

A compostaxe é un proceso de descomposición dos residuos orgánicos no que bacterias, fungos e outros microorganismos transforman os materiais orgánicos nun substrato estable chamado compost (Bernal *et al.*, 2017; Figura 1.3). Trátase dun proceso exotérmico que provoca a mineralización e humificación parcial da materia orgánica obtendo, idealmente, un compost libre de fitotoxicidade e patóxenos con certas propiedades húmicas e fertilizantes (Bernal *et al.*, 2009; Haug, 1993). Constitúe unha das técnicas máis axeitadas, dende o punto de vista económico e ambiental, para a xestión de residuos lignocelulósicos e dexeccións gandeiras (Pergola *et al.*, 2017).



Figura 1.3. Esquema do proceso de compostaxe. Fonte: Maheshwari *et al.* (2014).

Durante a compostaxe identifícanse dúas etapas: a biooxidativa e a de maduración (Figura 1.4). A etapa biooxidativa clasifícase en tres fases en función do perfil de temperatura: mesofílica, termofílica e enfriamento. A actividade dos microorganismos é máxima na etapa termofílica ata acadar unha segunda fase mesofílica na que a temperatura gradualmente descende ata acadar á final de enfriamento (Bernal *et al.*, 2017). A etapa de maduración está caracterizada pola baixa actividade dos microorganismos e unha temperatura constante, próxima aos valores ambientais, e é durante esta fase onde se produce a humificación da materia orgánica (Bernal *et al.*, 2009). A duración desta fase depende de factores varios como a biodegradabilidade da materia prima, a aireación, a relación C/N, o tamaño de partícula (Vesilind e Worrell, 2012).



Figura 1.4. Etapas e perfiles de temperatura durante a compostaxe en pilas estáticas (liña continua) ou volteadas (liña descontinua) e evolución do pH (liña punteada). Fonte: Bernal *et al.* (2017).

Os microorganismos implicados na compostaxe son amplamente diversos e se ben son introducidos de maneira natural a través dos residuos, noutras ocasións emprégase o propio compost como inoculante natural (Onwosi *et al.*, 2020; Bernal *et al.*, 2017). Durante a fase mesofílica inicial, de 1 a 3 días de duración, as bacterias mesofílicas e os fungos degradan azucres, aminoácidos e proteínas. Despois, a transformación da materia orgánica ten lugar a maior velocidade e a súa oxidación pode incrementar a temperatura ata os 50-70 ºC. É nesta etapa na que se produce a maior degradación da materia orgánica así como a destrución de patóxenos e sementes (Bernal *et al.*, 2017).

Na etapa de enfriamento, a temperatura baixa polo descenso da actividade dos microorganismos e dá lugar á nova colonización dos mesofílicos adaptados para hidrolizar material lignificado recalcitrante (Bernal *et al.*, 2017). Finalmente na etapa de maduración a temperatura aproxímase á do ambiente, tendo lugar a estabilización microbiana e a humificación (Bernal *et al.*, 2017, 2009).

1.2.1.1. Principais factores que afectan á compostaxe.

Ratio C/N

A relación C/N é unha variable que mide o equilibrio químico da mestura a compostar. Vesilind e Worrell (2012) marcan valores de 20 e 80 como limiares, inferior e superior respectivamente, fóra dos cales a compostaxe non pode producirse. Diversos autores sitúan o rango comprendido entre 20 e 35 (Bernal *et al.*, 2017; Puyuelo *et al.*, 2011). Valores máis elevados ralentizarían o proceso e máis baixos poden incrementar as perdas de N, devalando o poder agronómico do compost (Bernal *et al.*, 2017), motivo polo cal á minimización destas perdas é frecuentemente obxecto de estudo (Bueno *et al.*, 2008; Vázquez *et al.*, 2017).

A consecución dunha relación C/N axeitada conséguese habitualmente coa combinación ou mestura de residuos con diferentes propiedades. Aqueles con elevada proporción de C actúan ademais como axentes estruturantes, xeralmente residuos lignocelulósicos de diferente orixe e natureza (Iqbal *et al.*, 2010; Vassilev *et al.*, 2010) cando a proporción de N é elevada (Guerra-Rodríguez *et al.*, 2001b; Külcü e Yaldiz, 2014). A ratio C/N decrece durante o proceso de compostaxe xa que o carbono orgánico é convertido en CO_2 e o contido de N vaise estabilizando (agás se produzan elevadas perdas de amonio, favorecidas por valores elevados de pH).

pH

Os valores de pH comprendidos entre 6.7–9.0 proporcionan boa actividade microbiana (Bernal *et al.*, 2017) pero o pH da pila de compost varía ao longo do tempo, amosando un descenso inicial para despois aumentar ata as 8-9 unidades, debido á degradación dos ácidos orgánicos e á amonificación. Finalmente logra estabilizarse entre 7 e 9 (Vesilind e Worrell, 2012; Figura 1.4). Valores de pH por riba de 7.0 afectan ás perdas de N (Vesilind e Worrell, 2012). O contido de O_2 e o pH gardan unha estreita relación e así, se o proceso resulta anóxico o pH descende debido á formación de ácidos en condicións anaerobias e sempre e cando o proceso sexa aerobio a pila de compost mantén unha capacidade tampón suficiente como para estabilizar o pH en niveis lixeiramente alcalinos (Vesilind e Worrell, 2012).

Humidade

A humidade é un parámetro fundamental para o desenvolvemento dos microorganismos e para o desenvolvemento das reacccións químicas (Onwosi *et al.*, 2020). Se a mestura está demasiado seca ou conta con demasiada auga, os microorganismos non poden sobrevivir. Contidos inferiores ao 40% e superiores ao 60% son apuntados por Epstein (2011) como posibles limitadores do proceso. Poren o contido de auga necesaria para o proceso depende en boa medida dos materiais a compostar, e valores recomendados por outros autores atópanse fóra deste rango (Bueno *et al.*, 2008; Kim *et al.*, 2017).

Osíxeno

O subministro de oxíxeno durante o proceso de compostaxe depende do sistema empregado. Existen distintos métodos e clasificación de sistemas de compostaxe, sendo clasificados por Füleky e Benedek (2010) en pilas estáticas, ringleiras ou reactores. A aireación en pilas volteadas prodúcese mediante os volteos periódicos, máis necesarios ao comezo do proceso durante o cal a actividade microbiana é máis intensa. En sistemas estáticos o aporte de O_2 prodúcese mediante sopradores. En moitos destes sistemas, a oxixenación tamén se realiza, ou ben vese complementada, pola convención natural que forza a circulación do aire atmosférico a través da matriz en compostaxe, como resultado do gradiente térmico creado.

Para que o osíxeno sexa accesible aos microorganismos, a matriz debe contar cunha porosidade adecuada, e esta, á súa vez depende en boa medida dos materiais a compostar, a súa humidade e o tamaño das súas partículas (Epstein, 2011). Materiais como os lodos ou a fracción orgánica dos residuos urbanos contan cunha elevada densidade polo que son mesturados con axentes estruturantes que corrixen a porosidade, e adicionalmente interveñen no equilibrio da relación C/N e a humidade da mestura final.

1.2.2. Dixestión anaerobia. Fundamentos.

Durante a dixestión anaerobia a materia orgánica é degradada podéndose producir, baixo condicións favorables, biogás e un dixestato (residuo sólido ou líquido resultante de variada composición bioquímica). Unha ampla variedade de residuos poden ser procesados mediante esta técnica (Deublein e Steinhauser, 2010; Van *et al.*, 2019). O proceso ten lugar ao longo de catro fases dominadas por distintos tipos de bacterias: hidrólise, acidoxénese, acetoxénese e metanoxénese (Figura 1.5).



Figura 1.5. Esquema das fases da degradación da materia orgánica mediante dixestión anaerobia. Fonte: Redibuxado dende Gujer e Zehnder (1983).

Durante a hidrólese a materia orgánica complexa insoluble, como lípidos, carbohidratos ou proteínas, é hidrolizada a compostos simples solubles (azucres, aminoácidos e ácidos graxos). Esta etapa está influenciada polo pH, temperatura e o tempo de retención, na que a maior eficacia procúrase en condicións moderamente ácedas, altas temperaturas e tempos de retención relativamente longos (Poh *et al.*, 2015).

Na acidoxénese os compostos simples solubles (produtos finais da hidrólise) son convertidos en ácidos graxos e ácidos orgánicos (acético, propiónico, láctico, butírico, etc.), H_2 e CO_2. O ácido acético ten singular relevancia como precursor para a formación de metano incrementándose a formación dos ácidos graxos volátiles con valores de pH superiores a 5 (Obileke *et al.*, 2020)

A acetoxénese é o paso para converter os ácidos da etapa anterior en acético, sendo de especial relevancia xa que máis do 70% do metano producido durante a dixestión anaerobia procede do ácido acético (Poh *et al.*, 2015).

A metanoxénese é etapa última e máis importante xa que as reaccións determinan a cantidade e calidade do biogás producido. Consiste na produción metano a partires do ácido acético, H_2 e CO_2 xerados nas fases precedentes. Dous grupos de bacterias levan a cabo este proceso: as que degradan o acetato a metano e dióxido de carbono (acetotrópicas) e as que consumen hidróxeno para producir metano (hidroxenotróficas) (Obileke *et al.*, 2020; Poh *et al.*, 2015)

A dixestión anaerobia é un proceso sensible que require distintas tasas de degradación, dependendo das distintas etapas. Mentres que a materia orgánica complexa pode hidrolizar durante días a monómeros, os hidratos de carbono solubles son transformados durante unhas poucas horas.

En función da separación física destas fases, os distintos sistemas de dixestión anaerobia poden clasificarse naqueles nos que todas as fases teñen lugar nun único ou varios reactores. A dixestión anaerobia non depende unicamente no tipo de sistema de dixestión xa que depende das variables de crecemento (temperatura, pH, e nutrientes), o tipo de reactor e parámetros de operación (tempo de retención, concentración e velocidade de carga orgánica a procesar) (Van *et al.*, 2019).

O biogás xerado pode ser empregado directamente para a xeración de electricidade e calor, namentres que o biometano, biogás depurado mediante diversas técnicas ata acadar unha concentración de metano próxima á do gas natural (Angelidaki *et al.*, 2018), pode ser inxectado na rede de gas natural ou empregado como combustible para distintos usos (Figura 1.6).



Figura 1.6. Potencial de alimentación, tecnoloxías de conversión e produtos. Fonte: (Wainaina *et al.*, 2020).

A dixestión anaerobia pode ser cuantificada por diferentes parámetros. A relación C/N pode dar unha idea da súa idoneidade para a súa dixestión, propensión á formación de ácidos graxos volátiles ou á inhibición polo amonio. Os sólidos volátiles, DBO ou DQO avalían o seguimento dos dixestores. O tempo de retención hidráulica, a velocidade de carga, ou os sólidos totais poden informar sobre o deseño dos dixestores (Deublein e Steinhauser, 2010; Meegoda *et al.*, 2018).

1.2.2.1. Principais factores que afectan á dixestión anaerobia.

Temperatura

A temperatura é un factor importante ao afectar á estrutura microbiana dos dixestores e a súa flutuación pode provocar desequilibrios asociados á acumulación de ácidos graxos volátiles

(Kougias e Angelidaki, 2018). O proceso de dixestión ten lugar en reactores anaerobios que operan en condicións mesófilas (30 °C – 40 °C) ou termófilas (50 °C – 60 °C) pero habitualmente a unha temperatura constante (±2 ºC).

pH e ácidos graxos volátiles

A produción de biogás sucede nun rango de pH que varía entre 6.0 a 8.5 e valores fóra dese intervalo producen unha forte diminución na produción de metano. Os ácidos graxos volátiles son indicadores do proceso para a monitorización do biogás, e tanto a súa concentración como a relación entre eles pode proporcionar información esencial para detectar posibles desequilibrios (Kougias e Angelidaki, 2018). Cambios nos valores de pH poden correlacionarse con outros parámetros operativos como a abundancia de amoníaco ou eliminación de CO_2 (aumentos de pH), ou a acumulación de ácidos orgánicos (descensos de pH).

Inhibidores

Durante a dixestión anaerobia poden detectarse compostos que, a determinadas concentracións, poden comprometer a produción de biogás ou deteriorar o proceso. Estes compostos ben poden ser substancias tóxicas ou metabolitos intermedios que aparecen durante o proceso. En termos xerais, a inhibición depende da súa concentración, da composición do substrato e da adaptación dos microorganismos ao inhibidor (Deublein e Steinhauser, 2010). Os organismos metanoxénicos son máis sensibles á presencia destes compostos tóxicos (Kougias e Angelidaki, 2018).

A presencia de amoníaco ou fenois son inhibidores frecuentes na dixestión anaerobia (Calabrò *et al.*, 2018; Poirier e Chapleur, 2018) pero poden presentarse outros (Deublein e Steinhauser, 2010): O_2 (os microorganismos metanoxénicos son anaerobios estritos); compostos sulfurosos (os microorganismos redutores do sulfato a sulfuro son dominantes); ácidos graxos volátiles (provocan unha grave acidificación do medio e tamén son inhibidores a concentracións elevada); nitratos (substratos con concentracións superiores aos 50 mg kg^{-1} NO_3-N nos que a denitrificación non fose exitosa antes da metanoxénese); metais pesados (efectos prexudiciais sobre as bacterias a altas concentracións); e outro amplo elenco de substancias (taninos, desinfectantes, herbicidas, insecticidas, surfactantes, antibióticos, etc.). A mesma acumulación de H_2 debe ser evitada pois algunhas reaccións de conversión dos ácidos propiónico e butírico a acético vólvense termodinamicamente inviables.

1.2.2.2. Pretratamentos.

A dixestión anaerobia de residuos agroforestais pode presentar inconvintes como poden ser o baixo rendemento de biogás, baixa calidade dos produtos finais ou variabilidade nas producións (Kainthola *et al.*, 2019). Na práctica a maioría das plantas de biogás seguen estratexias de co-dixestión debido a razóns varias como o baixo potencial de metano, alta concentración de inhibidores (fenois, amonio, etc.) ou dispoñibilidade estacional de substratos específicos (Kougias e Angelidaki, 2018).

Para superar estas dificultades e incrementar a eficiencia do proceso anaerobio, ademais da co-dixestión con outros substratos, existen varias técnicas como a inoculación ou os pretratamentos (Kainthola *et al.*, 2019).

O pretratamentos poden favorecer a súa posterior dixestión (Ariunbaatar *et al.*, 2014; Elliott e Mahmood, 2007; Neumann *et al.*, 2016; Pilli *et al.*, 2015). Soen ser clasificados en mecánicos, térmicos, químicos, biolóxicos ou combinación dos anteriores (Ariunbaatar *et al.*, 2014). A súa eficacia depende en boa medida das características dos substratos (Ariunbaatar *et al.*, 2014) e a bibliografía referencia numerosas experiencias axeitadas ás condicións particulares dos mesmos.

En canto aos residuos lignocelulósicos, os tratamentos térmicos fríos están baseados no incremento do volume da auga. Unha vez conxelada provoca a rotura das paredes celulares da materia orgánica, aumentando a área accesible para a hidrólise encimática polos microorganismos (Rooni *et al.*, 2017). Trátase dun pretratamento de alto consumo enerxético, mais en rexións onde o clima é máis duro preséntase como unha alternativa sustentable fronte a outras tecnoloxías (Anjum *et al.*, 2016; Neumann *et al.*, 2016; Rooni *et al.*, 2017). Rooni *et al.* (2017) indicaron que a temperatura de conxelación non exerce un papel determinante a modo de pretratamento, polo que empregaron ciclos de conxelación (-18ºC) e desconxelación (ambiente). Cada ciclo serviu para incrementar a rotura das estruturas celulares e o acceso das encimas á celulosa. O mellor resultado na eficiencia da hidrólise (+19,2 %) conseguiuse no 4º ciclo, amosando unha boa relación (r^2=0.9) de aumento nos rendementos e o número de ciclos. Dun xeito similar, pero na dixestión de lodos de depuradora, Neumann et. al. (2016) sinalaron incrementos do 52% na produción de biogás.

Noutro extremo dos tratamentos térmicos, Meyer e Edwards (2014) aconsellaron o emprego do microondas e homoxeneización a alta presión para mellorar os rendementos da produción de metano para os residuos da industria da polpa de papel. Sóese marcar o límite de 100ºC para distinguir os tratamentos a baixa e alta temperatura. No caso dos lodos, Meyer e Edwards (2014) indicaron como temperaturas máis axeitadas para o incremento de metano as comprendidas entre os 150-170 ºC, durante un tempo de 10 minutos. Para os compostos lignocelulósicos, Ariunbaatar *et al.* (2014) referenciaron os 160 ºC como o límite a partir do cal os compostos fenólicos son liberados e a conseguinte inhibición da dixestión anaerobia. Ethaib *et al.* (2015) subliñaron diferentes rangos de temperatura en combinación con outros pretratamentos. En xeral, os pretratamentos, térmicos ou outros, recomendados pola bibliografía son específicos para cada tipoloxía de residuo e condicións de operación, resultando que as recomendacións e resultados para un determinado residuo poden non ser axeitados para residuos de aparente similar natureza.

Entre os pretratamentos químicos, os alcalinos aparentan ser os máis axeitados para residuos lignocelulósicos. Isto é debido ao emprego de substancias químicas non contaminantes e non corrosivas, a unhas condicións de operación máis moderadas que as precisas para os pretratamentos con ácidos, e a que os reactivos alcalinos interactúan principalmente con lignina e polo tanto son máis eficientes para a súa eliminación (Kim *et al.*, 2016). Na revisión de Zheng *et al.* (2014) sobre biomasa lignocelulósica expóñense distintos exemplos de pretratamentos alcalinos baseados na adición de Na OH para distintos residuos deste tipo.

Nos pretratamentos biolóxicos, o emprego de encimas modificadoras de lignina ou carbohidrasas parecen os máis axeitados. Así, as encimas que atacan á lignina, tales como as lacasas e peroxidasas, téñense explorado como pretratamento separado antes das probas de potencial de metano para substratos agrícolas ricos en lignocelulosa (Brémond *et al.*, 2018; Widsten e Kandelbauer, 2008).

1.3. FITOMASA FORESTAL E COMPOSTAXE.

1.3.1. Fitomasa forestal residual.

O espazo forestal ten unha especial relevancia en Galicia ao concentrar o 70% da súa superficie (MMAMRM, 2011a) e máis da metade das cortas de madeira de toda España. Os aproveitamentos madeireiros levan asociados a xeración de restos de fitomasa dispersos na área de explotación, con escaso valor comercial e elevados custes de recollida, transporte e amoreado (MMAMRM, 2010a). A eliminación por medio do lume ou o seu abandono no propio monte foron prácticas tradicionais en Galicia, producindo unha serie de riscos e efectos ambientais negativos (Soto *et al.*, 1995; Tolosana *et al.*, 2004):

1. Destrución do solo.
2. Aumento do risco de incendio forestal pola acumulación de combustible.
3. Medio de propagación de pragas ou enfermidades forestais.
4. Diminución do valor paisaxístico e recreativo do monte.
5. En caso de importantes acumulacións nos leitos fluviais, posible deterioro do estado das bacías en épocas de chuvias torrenciais.
6. Dificultade de tránsito de persoas, animais e maquinaria.

Na actualidade, no que atinxe aos aproveitamentos madeireiros a Lei 7/2012 de montes de Galicia (DOG, 2012a) indica que, de forma xeral, a súa execución levará implícita a extracción ou trituración da biomasa forestal residual.

Nos casos da extracción dos restos para o seu posterior aproveitamento, deberase deixar sobre o terreo unha porcentaxe mínima aproximada do 30 % (fraccións máis finas) co fin de non impactar de forma significativa no ciclo de nutrientes do solo (DOG, 2014). A normativa sectorial tamén engade unha visión conservacionista para fomentar a diversidade de especies e ecosistemas, tales como a creación de mouteiras maduras, con especial atención ás frondosas autóctonas, nas que se dean procesos de naturalización, incluso contemplando o mantemento de árbores mortas, sempre que non supoñan riscos de estabilidade do ecosistema, como poderían ser pragas, enfermidades ou incendios (DOG, 2014).

A lei apunta para a biomasa extraída un uso enerxético e a compostaxe. Con respecto á compostaxe, a Lei de montes encomenda ao Goberno de Galicia a promoción de políticas relacionadas co seu fomento. Esta referencia á compostaxe na norma forestal autonómica constitúe unha novidade non previamente contemplada en calquera dos instrumentos normativos e de planificación do Estado: Lei 43/2003 de Montes (BOE, 2003), Plan Forestal Español 2002-2032 (MMA, 2002), Plan de activación socioeconómica del sector forestal 2014-2020 (MAAMA, 2014a), Estratexia Forestal Española (MMA, 1999) ou Estratexia Española para o desenvolvemento do uso enerxético da biomasa forestal residual (MMAMRM, 2010a).

Ata o momento, o impulso autonómico ao fomento da fitomasa forestal residual estivo orientado ao seu aproveitamento con fins enerxético. Así xurdiu a Estratexia Integral de Impulso á Biomasa Forestal 2014-2020 (Xunta de Galicia, 2014) cuxo obxectivo era activar unha industria asociada á valorización enerxética da biomasa forestal con fins térmicos, aspirando a conseguir un descenso anual do 14% no consumo dos combustibles derivados do petróleo, recursos non renovables dos que Galicia é moi deficitaria. A definición de Estratexia Integral obedece máis a un modelo lineal de aproveitamento orixe-destino (biomasa-calor) que a outros máis orientados á diversificación no uso (fertilizantes ou biorrefinaría) ou circulares que contemplen medidas compensatorias das extraccións previstas a medio prazo no monte galego.

1.3.2. Plantacións de castiñeiro.

O castiñeiro (*Castanea*, Fagáceas) é unha árbore presente en Galicia e en todo o hemisferio norte. O xénero está composto, segundo Fei *et al.* (2012), por sete especies distribuídas en Europa (*C. sativa*), América (*C. dentata* e *C. pumila*) e Asia (*C. mollissima* e *C. seguinii* en China e *C. crenata* no Xapón) (Figura 1.7).



Figura 1.7. Áreas de distribución do castiñeiro (*Castanea* sp.) no mundo. Fonte: Elaboración propia a partires da información de EUROFORGEN (2009), U.S. Geological Survey (1999) e para as especies asiáticas, mapas cortesía de Fei (2012).

Á súa importancia económica e ecolóxica, engádeselle un forte carácter paisaxístico (Bouhier, 1979) e cultural, en boa medida polo ancestral aproveitamento do seu froito (Fei *et al.*, 2012). Outros autores van máis alá, recoñecendo a noutrora estreita relación do ser humano coa árbore e os coñecementos requiridos para manter os soutos nas condicións necesarias para o seu mellor aproveitamento, o que confería independencia económica ás familias (Cherubini, 1981; Fernández de Ana Magán *et al.*, 1998). Así, a comezos do século XVIII en Galicia e outras zonas de Europa, o cultivo do castiñeiro permitía o mantemento dunha alta densidade de poboación e fundamentos de autarquía no medio rural (Conedera *et al.*, 2004; Fernández de Ana Magán *et al.*, 1998).

Hoxe en día as principais masas de castiñeiro, 34.000 hectáreas segundo o Mapa Forestal de España (MMAMRM, 2011b), localízanse nos concellos orientais das provincias de Lugo e Ourense, caracterizados demográficamente, por baixas densidades de poboación, a miúdo coincidentes con índices de envellecemento moi elevados Ao mesmo tempo, o último Inventario Forestal Nacional amosa un incremento no número de pés en Galicia (Figura 1.8) como consecuencia en boa medida das novas plantacións con esta especie.



Figura 1.8. Evolución do número de pés maiores de castiñeiro por ámbito entre o III e IV Inventario Forestal Nacional (1997-2007 e 2007-2017 respectivamente). Fonte: Elaboración propia dende datos dos respectivos Inventarios Forestais Nacionais (MMAMRM, 2011a).

Este interese dos propietarios e xestores forestais polo castiñeiro débese ao carácter multipropósito da especie, cultivado principalmente para obter madeira e froito. A súa madeira é de alta calidade e moi prezada cando está libre de defectos (Álvarez-Álvarez *et al.*, 2000; Fernández-López, J. e Alía, R., 2003; Martínez-Alonso e Berdasco, 2015). Ten múltiples aplicacións pola súa durabilidade, resistencia á intemperie e beleza da súa veta: ebanistería, carpintería, construción, cestería, etc. (Santa Regina *et al.*, 1998). En canto a castaña, trátase dun produto con elevadas propiedades nutricionais que pode ser consumida tanto crúa como cociñada. Tradicionalmente o apañado da castaña levábase a cabo de xeito manual (Fernández de Ana Magán *et al.*, 1998), con rendementos medios variables segundo autores: dende 10-15 kg h^{-1} (Bounous e Marinoni, 2010) ata 30 kg h^{-1} (Monarca *et al.*, 2014). Na actualidade a recollida mecanizada ofrece rendementos moito maiores, dende 630 a 1.000 kg h^{-1} (Almeida e Monteiro, 2019; Monarca *et al.*, 2014). As plantacións de castiñeiro e soutos tradicionais poden presentar posibilidades económicas intermedias (cogomelos, mel, a caza, o engorde do gando, etc.) xunto con externalidades ambientais positivas (paisaxe, regulación do ciclo hidrolóxico, regulación de gases de efecto invernadoiro, etc.) (Schabacker, 2015).

Ademais dos tradicionais aproveitamentos, na actualidade diferentes investigacións estanse a levar a cabo na procura de novas aplicacións para a fitomasa residual do souto dentro dos ámbitos farmacéuticos, nutracéuticos, cosmético ou da alimentación humana (Braga, N. *et al.*, 2015). Desta maneira existe un potencial uso das sustancias bioactivas obtidas a partires das follas, ourizo ou cortiza dos castiñeiros con aplicacións na industria alimentaria (Liu *et al.*, 2016; Park *et al.*, 2016; Rodrigues *et al.*, 2015; Yao e Qi, 2016), de biocombustibles (He *et al.*, 2016), médica o farmacéutica (Lyles *et al.*, 2016; Quave, C. *et al.*, 2015; Santulli *et al.*, 2016; Seo *et al.*, 2016), de adhesivos, cosmética (Aires, A. *et al.*, 2016) ou biorremediación (Yao *et al.*, 2016).

A biomasa forestal residual derivada das plantacións de castiñeiro abranguería todas aquelas fraccións resultantes das operacións de mantemento da árbore (tallas de formación e podas) e aproveitamento do froito (follas e ourizos) (Figura 1.9).



Figura 1.9. Esquema silvícola das plantacións de alta densidade de castiñeiro e orixe do material estrutúrante empregado. Fonte: Elaboración propia para o ámbito desta tese.

Adicionalmente inclúe unha mestura de especies adventicias, cuxa composición resulta moi variable segundo a calidade da estación forestal (Álvarez-Álvarez *et al.*, 2013) e que habería que eliminar ao competiren coas árbores pola luz e os nutrientes do solo.

Este material vexetal residual das plantacións de castiñeiros constitúe un interesante recurso orgánico susceptibles de ser integrado en procesos de compostaxe actuando como material estruturante (Figura 1.10).

Figura 1.10. Biomasa forestal residual das plantacións de castiñeiro: polas novas e mato (A), e ourizo e follas (B). Fonte: Propia, realizadas durante a execución dos traballos.

Experiencias previas de compostaxe foron realizadas por Guerra-Rodríguez *et. al* (2006, 2001a; 2001b). Estes autores indicaron que a compostaxe de follas e ourizos (principalmente ourizos, procedentes dunha industria de procesado da castaña, comunicación persoal) non era posible ao presentaren unha relación C/N demasiado elevada. A este respecto a concentración de N, K e outros elementos da fitomasa do souto depende de factores tales como a estación, a fase do ciclo vexetativo e a dispoñibilidade de nutrientes no solo forestal (Santa Regina *et al.*, 2001), se ben Arrobas et al (2018) atoparon malas relacións entre a fertilidade do solo e a concentración foliar de nutrientes nos soutos do nordeste de Portugal, adxacentes ao territorio galego. En calquera caso, estudos previos amosan que o contido de nutrientes das follas é superior á dos ourizos (Raimundo *et al.*, 2008).

En ensaios de laboratorio, Guerra-Rodríguez *et. al* correxiron a relación C/N coa adición de esterco de polo (2006, 2001a; 2001b), aditivo rico en N. Unha experiencia moi similar foi descrita por Zhang *et al.* (2019), na que ademais de esterco de polo e ovella como aditivos, empregaron urea para acadar o equilibrio C/N, establecendo sinxelos índices para avaliar a madurez do compost de ourizos de castiñeiro. Máis recentemente, Chen *et al.* (2020) propuxeron a adición de esterco e óso de vaca, 55% e 15% respectivamente, para lograr unha maior degradación das fraccións lignocelulósicas e reducir o tempo de compostaxe a 38 días, acadando un compost axeitado para actuar como substrato na propia produción de castiñeiro por semente.

Experiencias levadas a cabo no propio monte foron executadas por Ventorino *et. al* (2013) en Italia, país onde o castiñeiro ten unha especial relevancia. Estes autores empregaron ademais da folla e o ourizo, outros compoñentes como as especies arbustivas do sotobosque e brotes da árbore. A súa intención era intentar simular os procesos de degradación natural nun souto empregando a tal efecto, unha pila dun volume aproximado de 4 m^3, pero ese deseño non conseguiu acadar a fase termofílica.

1.3.3. Matogueiras.

Á marxe das producións madeireiras, os terreos forestais estiveron tradicionalmente vinculados á economía agraria de Galicia ao fornecer colleitas suplementarias de cereal, permitir a alimentación directa do gando así como a obtención de fertilizantes para as terras cultivadas (Balboa, 1990). Con respecto a esta última función, Balboa (1990) subliñou:

> *"…se hai algunha misión que o monte tivera que cumprir con total xeneralidade e á que non se podía subtraer en ningún recuncho poboado de Galicia, esa é a de producir estrume."*

Na súa función de produción de abono orgánico, as especies de mato eran extraídas do monte e logo dun tempo de secado era empregadas como leito para os animais nas cortes, onde se ía mesturando coas dexeccións animais. Progresivamente íanse engadindo sucesivas capas para a renovación da cama, ata que finalmente este material era extraído da corte, dúas ou tres veces ao ano, e empregado como fertilizante nas terras de labor (Balboa, 1990), en ocasións cuns importantes esforzos de traballo manual (Estabrook, 1998). Ao produto transformado aplicábaselle o termo "*estrume*", coincidente coas rexións do norte de Portugal nas que se levaban a cabo as mesmas prácticas (Estabrook, 1998, 2006; 2008).

Na interface agrícola-forestal, existía un equilibrio entre as terras fornecedoras de toxo e outras especies de mato, posteriormente transformadas a estrume, e os espazos laborables que demandaban fertilización se non se quería afectar en maior ou menor medida aos rendementos das colleitas (Balboa, 1990). En Galicia este equilibrio era mantido segundo Bouhier (1984) mediante unha proporción de 1 a 2 ha de monte por cada hectárea de terreo cultivado mentres que Balboa (1990) apunta a 20-40 carros de toxo por cada hectárea de cultivo. En Portugal, Estabrook (1998) subliña a necesidade de 6-8 ha de terreos con mato por cada hectárea de terreo cultivado, se ben o seu traballo desenvolveuse sobre solos pouco fértiles empregando en boa medida especies das ericáceas e cistáceas. As referencias cuantitativas sobre produtividade da fitomasa forestal varía amplamente, sendo en calquera caso as producións nas matogueiras superiores ás rexistradas polo desfronde e a fracción de ourizos nos soutos (Táboa 1.1).

Táboa 1.1. Produtividade anual das principais formacións de matogueira (en Galicia) e de fitomasa residual do souto (en Portugal e Italia). Valores en paréntese representan o rango ou desviación típicas**.**

Fitomasa forestal			**Produtividade (materia seca)**	
			t ha^{-1}	**Referencia**
Matogueiras	Monoespecíficas	Toxeiras con alta densidade	41,17 (11,63 – 94,14)	(Seijas *et al.*, 2009)
		Toxeiras vellas	45 (40 – 50)	(Vega Hidalgo *et al.*, 2001)
		Toxo	20	(Núñez-Regueira, 2004)
		Xesteiras	30	(Núñez-Regueira, 2004)
		Queirogais	15	(Núñez-Regueira, 2004)
	Pluriespecíficas		26,3 (±16,2)	(Viana *et al.*, 2012)
			21,06	(Núñez-Regueira, 2004)
Castiñeirais	Vellos		3,2	(Pires e Portela, 1998)
	Idade media		5,13 (5,47 – 4,78)	(Cutini, 1998)
	Idade temperá		2,64	Santa Regina *et al.*, 1998
			1,71	(Santa Regina *et al.*, 1998)

Dentro das matogueiras, as formacións de toxo acadan as maiores producións en termos de materia seca. Esta especie, endémica en Galicia (García, 2008) e unha das 100 "peores" especies invasoras a nivel mundial (Lowe *et al.*, 2000), constituía a especie de máis grande protagonismo na fertilización de terras na agricultura tradicional (Balboa, 1990). A tal punto que unha das preocupacións do campesiñado era a preservación das reservas de toxo no monte e sempre que fose posible, a súa renovación e aumento mediante sementeira (Bouhier, 1984). A poboación servíase do toxo para ser empregado directamente en verde con fins agronómicos no cultivo das viñas ou para mellorar a estrutura do solo. Ademais da alimentación animal de xeito directo no monte, era recolleito para a produción de forraxes ou mesturado con nabos ou patacas para criar cebóns (Balboa, 1990; Bouhier, 1984). As xestas eran menos valoradas, ao igual que outras especies representativas do medio galego (fentos, uces ou carqueixas) ao produciren estercos de baixa calidade, polo que só eran empregadas á falta doutras alternativas (Balboa, 1990).

Dende as últimas cinco décadas ata os tempos actuais, a área dedicada a cultivos agrarios e pastos reduciuse a unha pequena porción do territorio. Os usos do monte descritos e vinculados aos sistemas agrarios, tan importantes ata mediados do século XX, practicamente desapareceron por mor da despoboación do medio rural, o envellecemento dos seus habitantes e o abandono da actividade agrogandeira (Bouhier, 1984; Estabrook, 2006; López-Iglesias *et al.*, 2013), xerándose unha importante cantidade de biomasa forestal que non ten na actualidade ningún tipo de coidado ou aproveitamento.

Desta maneira, a superficie de Galicia ocupada exclusivamente por mato ascende a 606.588 ha (MMAMRM, 2011a), con predominio do toxo, presente en máis do 60% da superficie de Galicia (Figura 1.11).



Figura 1.11. Principais formacións de mato en Galicia. Fonte: Propia, dende o Mapa Forestal de España, escala 1:25.000 (MMAMRM, 2011b).

A principal consecuencia ambiental desta situación de abandono de terras e acumulación de fitomasa forestal son os incendios forestais (Estabrook, 2006; López-Iglesias *et al.*, 2013), problema ambiental de primeira magnitude en Galicia (Álvarez-Díaz *et al.*, 2015), a tal punto que na actualidade un total de 197 concellos, representando aproximadamente o 69% do territorio galego (Figura 1.12) están declarados como zonas de alto risco de incendio forestal (DOG, 2007).

Estas zonas de alto risco defínense como superficies onde se recoñece como prioritaria a aplicación de medidas máis rigorosas de defensa contra os incendios forestais ante o elevado risco de incendio, pola súa especial frecuencia, virulencia ou a importancia dos valores ameazados.



Figura 1.12. Zonificación de Galicia en base ao risco de incendio forestal. Fonte: Redibuxado dende o Anexo I da Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base ao risco espacial de incendio forestal (DOG, 2007).

A acumulación de fitomasa forestal e a especial incidencia dos incendios na rexión provocan que anualmente miles de hectáreas sexan queimadas, na súa meirande parte en superficies cubertas por matogueira (Figura 1.13).



Figura 1.13. Evolución do número de incendios forestais e da superficie afectada en Galicia. Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE, 2019a).

Esta fitomasa forestal constitúe un recurso orgánicos susceptible de seren integrado en procesos de compostaxe, ben por si mesmos, ben como compoñentes con outros aditivos en función dos ratios C/N que presenten os materiais. Esta orientación xa fora suxerida por Bouhier (1984) fronte a acumulación derivada do abandono das antigas prácticas agrarias expostas en apartados precedentes.

A composición química das matogueiras varían en función da calidade do sitio no que habitan e da proporción e composición das súas especies (Núñez-Regueira, 2004; Seijas *et al.*, 2009). A Táboa 1.2 presenta a caracterización de especies arbustivas amplamente distribuídas no noroeste de España, a maioría da familia das leguminosas, ao ser a formación arbustiva maioritaria en Galicia (MMAMRM, 2011a).

O interese destas análises foi o seu potencial uso para a produción de enerxía eléctrica (Núñez-Regueira, 2004; Núñez-Regueira *et al.*, 1994; Soliño *et al.*, 2010, 2009; Viana *et al.*, 2012) e, en menor medida, forraxe para animais de pasto (Bao *et al.*, 1998; Gonzalez-Hernandez e Silva-Pando, 1999; Lambert *et al.*, 1989), azucres destinadas á industria alimentaria e farmacéutica (Ares-Peón *et al.*, 2013; Ligero *et al.*, 2011), e biofibras para a fabricación de taboleiros (Celis *et al.*, 2014; Presenti *et al.*, 2017).

A composición química da matogueira pode condicionar os distintos usos pretendidos. Para a produción de enerxía, límites de N do 0,6% en peso (m.s.) ocasionan problemas de exceso nos límites de emisión (NO_x) (Obernberger *et al.*, 2006) namentres que valores do mesmo elemento superiores ao 1.7% (m.s.) son recomendados para que o pastoreo de animais realice a niveis satisfactorios (Lambert *et al.*, 1989). O Cl e o S poden igualmente comprometer a combustión da matogueira e valores por riba do 0.1% e 0.2-0.3% (m.s.), respectivamente, poden provocar corrosión e emisións gasosas indesexables (HCl e SO_x, entre outros) (Obernberger *et al.*, 2006). Estas situacións fan necesaria a adopción de distintas medidas tecnolóxicas para a depuración dos gases da combustión (Obernberger *et al.*, 2006), suxerindo Viana *et al.* (2012) ensaios demostrativos para as especies de matogueira, sinaladas na Táboa 1.2 para o ámbito local, dada a escaseza de estudos previos para a súa combustión en caldeiras.

Táboa 1.2. Caracterización química (m.s.) das principais especies de mato do noroeste peninsular (celas en branco indican a ausencia de datos; números en paréntese representan a desviación estándar).

Familia	Especie	Nome vernáculo	Ámbito	C %	N %	P (gr/kg)	K (gr/kg)	Ca (gr/kg)	Mg (gr/kg)	S (gr/kg)	Sólidos totais %	Referencia
Hypolepidaceae	*Pteridium aquilinum* L.	Fento	Local	45,4 – 46,7	1,41 – 2,58					0,9 – 3,1	52.4 – 27.5	(Núñez-Regueira *et al.*, 1996)
			Nacional	46,0	1,74							Pérez et al (2014)
Leguminosae	*Genista triacanthos* Brot.	Xesta	Internacional		1,24	1,0	3,4	1,3	0,9	0,9		Estabrook (1998)
	Cytisus scoparius (L.) Link	Xesta	Local	46,2 – 51,1	1,01 – 4,84					0,8 – 2,1	52.4 – 33.3	Núñez *et al.* (1996)
				49,0 – 58,6	1,38 – 2,99					4,2 – 5,0	57,0 – 40,6	Núñez *et al.* (2004)
			Internacional		2 – 3,9							Lambert et al (1989)
	Cytisus multiflorus (L´Her.)	Xesta branca	Local	48,8 (±0,7)	2,05 (±0,65)					< 0,1 (%)	40,8 (±1,7)	Viana et a, (2012)
	Ulex europaeus L.	Toxo arnal	Local	47,0 – 49,7	1,0 – 3,06					0,7 – 2,3	42,5 – 38,0	Núñez *et al.* (1996)
				48,8 – 58,4	0,84 – 2,10					1,7 – 4,8	57,5 – 38,0	Núñez *et al.* (2004)
				48,9 (±0,5)	1,72 (±0,09)					< 0,1 (%)	53,3 (±2,2)	Viana et a, (2012)
				47,8	1,33	0,4	6.80	2,1	0,9	1,25	53,0	(López-López e López-Fabal, 2016)
			Nacional	48,1	2,34							Pérez et al (2014)
			Internacional		1,3 – 1,9							Lambert et al (1989)
	Pterospartum tridentatum (L.) Wilk	Carqueixa	Local	48,8 (±0,3)	0,96 (±0,25)					< 0,1 (%)	53,7 (±1,5)	Viana et a, (2012)
Rosaceae	*Rubus fructicosus* L.	Silva	Local	45,6 – 47,2	1,71 – 2,97					1,2 – 1,6	45,0 – 34,3	Núñez *et al.* (1996)
	Rubus ulmifolius Schott.	Silva	Nacional	46.0	2,24							Pérez et al (2014)
Ericaceae	Genus *Erica*	Carqueixas	Local	46,8 – 52,6	0,61 – 1,91					3,1 – 4,0	55,6 – 39,7	Núñez *et al.* (2004)
	Erica australis L.	Urce vermella	Local	48,1 (±0,5)	0,82 (±0,08)					< 0,1 (%)	41,1 (±0,9)	Viana et a, (2012)
	Erica cinerea L.	Carpaza	Internacional	51,0	1,0							Pérez et al (2014)
			Internacional		0,64	1,6	4,2	2,9	0,9	1,0		Estabrook (1998)
	Erica arborea L.	Uz	Internacional		0,86	0,6	2,0	1,0	0,8	0,6		Estabrook (1998)
	Erica umbellata L.	Carrasco	Internacional		0,90	0,6	1,2	1,6	0,9	0,7		Estabrook (1998)
	Calluna vulgaris (L.) Hull.	Queiroga común	Internacional		0,58	1,0	1,7	2,4	1,0	1,0		Estabrook (1998)

En xeral, todas as especies presentan un alto contido en C, con valores próximos, ou por riba do 50%. O contido en N está no amplo rango do 0.6 – 4.8%, dentro do cal as ericáceas tenden a presentar os valores máis baixos, e ao mesmo tempo os máis altos de C. As especies desta familia están normalmente asociadas aos solos de peor calidade (Webb, 2008) e sobre eses solos a funcionalidade ecolóxica do mato debería prevalecer sobre calquera outro fin baseado na extracción de fitomasa. O xénero *Citysus* parece presentar as maiores concentracións de N, aínda que os valores varían, por un factor de máis de 4 nalgúns casos, entre especies e autores.

En calquera caso, o contido en N das especies de mato en Galicia é superior ao das especies leñosas de coníferas e caducifolias (Obernberger *et al.*, 2006). Segundo Núñez *et al.* (2004) a composición química das especies de matogueira depende das condicións climáticas da área na que habitan, e as variacións dentro desta varían segundo a fracción estudada (follas > tallo > raíces) e a estación do ano, xeralmente maiores na primavera (Lambert *et al.*, 1989; Viana *et al.*, 2012). A estacionalidade para unha mesma localización determina variacións moderadas na composición do mato e este é un factor sinalado por estes autores para unha correcta xestión da alimentación animal e a súa calidade como para uso enerxético. Sen embargo, as flutuacións estacionais do mato non son tan importantes en procesos de compostaxe, nos que a relación C/N é o principal parámetro considerado, o cal pode ser equilibrado con diferentes combinacións de mesturas ou o emprego doutros residuos como aditivos.

O contido de humidade está próximo ao 50% nas diferentes especies. Durante a explotación madeireira, a redución da humidade é unha operación importante e o secado en áreas próximas ao monte pode aumentar a produtividade do transporte nun 50% (Stampfer e Kanzian, 2006). Para fins enerxéticos, a redución da humidade é relevante para incrementar o rendemento enerxético total (Núñez-Regueira, 2004; Pérez *et al.*, 2014), mais dentro do ámbito da compostaxe a importancia radica na maximización da cantidade total doutros materiais a co-compostar para acadar as humidades convenientes na mestura inicial. Na rexión, Núñez Regueira et al (2004) recomendan a instalación de galpóns de secado para minimizar a humidade, indicando que o simple almacenamento da biomasa baixo condicións adecuadas reduce e mantén o valor medio da humidade nun 30%.

En relación á compostaxe con especies de mato, Tighe-Neira *et al.* (2014) subliñaron como oportunidade o emprego do toxo (*Ulex europaeus*) como material de base para procesos de compostaxe ou co-compostaxe con estercos animais. Gómez *et al.* (2009) e Iglesias et al (2009) comprobaron a idoneidade do compost feito a partires de toxo triturado podía actuar como como, respectivamente, substrato de cultivo ou substitutivo da turba ou para a propagación de estaquillas de *Thuja plicata*. Estes autores acadaron máximos de temperatura na etapa termofílica comprendidos entre os 50-60 ºC durante a primeira semana de proceso. Estes valores foron superados por Brito *et al.* (2010) durante a co-compostaxe de toxo coa fracción sólida das dexeccións dunha granxa de vacún, acadando temperaturas de 74ºC ao terceiro día de proceso.

Os traballos de Estabrook, G.F. (2008) en Portugal destacan a utilidade do emprego da xesta como material estruturante e conservación do contido de N nos solos. En experiencias de fertilización empregando xesta e excrementos, dobrábanse as producións de centeo empregando xesta mesturada con excrementos fronte a xesta illadamente debido a unha redución da relación C/N (de 30 da xesta a 20 do estrume) o que favorecía unha maior degradación do material. En referencia a outras especies de matogueira, traballos de Pitman e Webber apuntaron á viabilidade do emprego de compost de fento como substitutivo da turba (2013).

1.4. DEXECCIÓNS GANDEIRAS.

1.4.1. Marco sectorial.

Actualmente a política estatal en materia de residuos agrarios non está directamente enfocada á xestión e aplicación dos estercos. As orientacións do Plan Estatal Marco de Residuos (MAAMA, 2016) pasan pola necesidade de análise e concreción do alcance da aplicación da normativa de residuos aos estercos, resaltando a necesidade de coordinar o réxime xurídico aplicable. A nivel de planificación local existen referencias de modelos de xestión exitosos das dexeccións animais (Dupuis, 2012; Vargas García, 2014) axustados aos condicionantes específicos de cada ámbito territorial.

A Directiva 91/676/CEE relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos empregados na agricultura, coñecida como Directiva Nitratos (DOUE, 1991), ten como obxectivo principal o de reducir e previr a contaminación da auga por nitratos de orixe agrario. Se ben as condicións de aplicación de dexeccións como fertilizantes en España limítase ao N, noutros países (Irlanda, Suecia, Estonia, Finlandia, Alemaña, Bélxica, etc.) a carga de P é tamén unha limitación, ben como requirimento legal ou ben soamente a modo de recomendación (EC, 2015).

A Directiva Nitratos impón aos Estados membros a necesidade de identificar dentro do seu territorio as zonas vulnerables á contaminación por nitratos nas que serán de aplicación programas de actuación específicos. Sobre estas zonas marca como referencia o límite de 170 kg de N por hectárea e ano para avaliar como correcta a xestión dos residuos orgánicos na súa opción de aplicalos directamente sobre o terreo. Porén para os primeiros programas de actuación cuadrienais permitíanse límites de 210 kg N ha^{-1} ano^{-1}.

Derivado da publicación da Directiva Nitratos, aprobouse en Galicia o Código Galego de Boas Prácticas Agrarias (DOG, 1999). Este documento recolle recomendacións, de carácter voluntario, para a fertilización con estercos ou xurros de cara a evitar a contaminación nas augas continentais. As referencias en canto ás cantidades máximas de fertilizantes a aplicar, orgánico ou inorgánico, toman como referencia as 170 kg N ha^{-1} ano^{-1}. Porén, a Consellería de Medio Ambiente declarou a non existencia de zonas vulnerables na Comunidade Autónoma de Galicia

(DOG, 2000a) polo que non foron necesarios plans de acción específicos para zonas máis sensibles.

Por outro lado, a Xunta de Galicia elaborou a Estratexia Galega de Xestión de Residuos (DOG, 2000b) para dar unha resposta axeitada a diferentes tipos de residuos configurando para iso plans de xestión específicos, entre eles, o Plan de Xestión de Residuos Agrarios de Galicia (Xunta de Galicia, 2001). O obxectivo principal deste Plan é a adecuada xestión dos residuos xerados na actividade agraria, contemplando, en canto as dexeccións se refire, as seguintes alternativas:

1. Valorización mediante aplicación directa ao solo como fertilizantes.
2. Obtención de compost.
3. Valorización mediante instalacións de tratamento e redución.
4. Valorización enerxética por fermentación anaerobia da materia orgánica.
5. Eliminación por depuración previa vertedura á rede de saneamento ou hidrolóxica.

A elección do tratamento adecuado dependerá da consecución de requisitos tales como a minimización do impacto ambiental, custe económico, máximo aproveitamento dos recursos contidos nas dexeccións, a aceptación social, ou a facilidade de aplicación e mantemento do sistema de xestión.

Os estercos non dispoñen dunha regulación específica. O marco lexislativo contén normas de distintos ámbitos de aplicación e elementos do ambiente a protexer que indirectamente atinxen a estes materiais. En ausencia dunha lectura sectorial transversal, a interpretación de procedementos ou modalidades de xestión resulta a miúdo confusa para o sector produtor (Dupuis, 2012; Ortolano *et al.*, 2009).

A nivel europeo, a Directiva 2008/98 de residuos exclúe ás dexeccións gandeiras do seu ámbito de aplicación cando sexan empregados na agricultura, silvicultura ou na produción de enerxía de maneira que non se perxudique ao medio ou poña en perigo a saúde humana.

Por outro lado, o Regulamento 1069/2009 polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano (DOUE, 2009) engloba ás dexeccións animais dentro da Categoría 2.

Dende un punto vista lexislativo a consideración das dexeccións gandeiras como residuo é función do seu destino e condicións de uso, o que a súa vez determina a aplicación dunha ou outra norma. Así, a efectos normativos, os estercos ou puríns, pode ter distintas consideracións (Táboa 1.2).

Táboa 1.2. Concepto de dexección con respecto á norma e segundo usos contemplados (artigo 2 da Directiva 2008/98 e artigo 13 do Regulamento 1069/2009).

NORMA	CONCEPTO	DEFINICIÓN	USOS
Directiva residuos	Residuo	Calquera substancia ou obxecto que o seu posuidor desbote ou teña a intención ou a obriga de desbotar	Incineración, vertedoiros ou empregados nunha planta de gas ou de compostaxe
Regulamento subprodutos animais	Subproduto animal	Corpos enteiros ou partes de animais, produtos de orixe animal ou outros produtos obtidos a partir de animais, que non están destinados para o consumo humano, incluídos os oocitos, os embrións e o esperma	a) Eliminación como residuo mediante incineración. b) Eliminación ou valorización mediante coincineración. c) Eliminación en vertedoiro autorizado, previo procesado mediante esterilización e marcado permanente do resultante. d) Fabricación de abonos e enmendas orgánicas a introducir no mercado. e) Compostaxe ou transformación en biogás. f) Aplicación á terra sen procesamento previo. g) Ensilado, compostaxe ou transformación en biogás se é orixinario de animais acuáticos. h) Combustible con ou sen procesado previo. i) Fabricación dos produtos derivados mencionados nos artigos 33, 34 e 36, e introduciranse no mercado dacordo con ditos artigos

A existencia dunha superficie agraria dispoñible na que valorizar os estercos como fertilizante desvía a estes materiais do ámbito da Directiva de residuos. En ausencia desta alternativa, o produtor ou gandeiro adquirirá o carácter de produtor de residuos, definido na lei como "*calquera persoa física ou xurídica cuxa actividade produza residuos (produtor inicial de residuos) ou calquera persoa que efectúe operacións de tratamento previo, de mestura ou de outro tipo, que ocasionen un cambio de natureza ou composición destes residuos*". É dicir, a efectos legais tería a mesma consideración que os produtores de actividades industriais ou do sector terciario. Por outro lado, o seu protagonismo como produtor implicaría a súa responsabilidade de xestión en aplicación do principio "quen contamina paga". As alternativas neste caso, en calquera delas debendo acometer os custes e a acreditar documentalmente, serían:

a. Realizalo tratamento dos residuos por medios propios.

b. Encargalo tratamento dos residuos a un negociante, ou a unha entidade ou empresa, todos eles rexistrados conforme ao establecido na Lei de residuos.

c. Entregalos residuos a unha entidade pública ou privada de recollida de residuos, incluídas as entidades de economía social, para o seu tratamento

O Regulamento 1069/2009 foi trasposto ao ordenamento xurídico español mediante o Real Decreto 1528/2012 que establece disposicións específicas para as dexeccións gandeiras entre as que cómpre destacar (BOE, 2012):

1. No que respecta ás condicións aplicables para a produción de compost, considera as dexeccións animais como materia prima apta sen necesidade dunha transformación previa.
2. Autoriza o seu emprego nas terras sen necesidade de procesamento previo, sen prexuízo dos requisitos doutras normas, particularmente as de carácter ambiental, e salvo se considere que exista risco de propagación dalgunha enfermidade transmisible a través de ditos produtos para os seres humanos ou animais.

1.4.2. Dexeccións de gando porcino.

A aplicación directa das dexeccións de porcino sobre o terreo constitúe o método de xestión máis habitual. Estudos levados a cabo a nivel estatal puxeron de manifesto que un 91% das explotacións destinan os xurros como abono en campo sendo este distribuído mediante espallado (MMAMRM, 2010b).

No caso concreto da gandaría intensiva de porcino, o sector experimentou unha profunda evolución nas últimas décadas de tal xeito que a produción de carne ocupa un dos primeiros lugares dentro da produción final agraria española (MMAMRM, 2010b). Esta evolución implicou importantes transformacións ao longo do tempo nun contexto produtivo, sanitario, económico e ambiental.

Froito desas transformación no ano 2000 publicouse o Real Decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas (BOE, 2000) actualizando unha lexislación sectorial naquel entón obsoleta, preconstitucional e non adaptada a nova realidade dese momento. O fin era encamiñar o crecemento do sector respectando a ocupación racional do territorio, o ambiente, a saúde humana e o benestar animal. O seu contido foi recentemente derrogado polo Real Decreto 326/2020 (BOE, 2020) que, no que á xestión de estercos atinxe, admite dúas vías de xestión. A primeira, a valorización agronómica que deberá axustarse ao disposto ao Real Decreto 261/1996, de 16 de febreiro, sobre protección das augas fronte á contaminación por nitratos de orixe agraria. A segunda sería a entrega a unha instalación ou operador autorizado, ou ben ser xestionado dentro da propia explotación segundo o Regulamento (CE) n.º 1069/2009, para a produción de compost ou biogás principalmente.

1.4.3. Explotacións gandeiras en Galicia.

En Galicia téñense experimentado profundos cambios estruturais nas explotacións gandeiras sendo as súas principais manifestacións a redución do seu número, a súa especialización e intensificación nas producións polo incremento do tamaño das explotacións (Xunta de Galicia, 2001). Situacións similares tiveron lugar noutras rexións de Europa (Poláková *et al.*, 2011): Holanda (Bos *et al.*, 2013), Bretaña francesa (Ortolano *et al.*, 2009), Cataluña (Ramsey *et al.*, 2013) ou Italia (Zavattaro *et al.*, 2016).

O gando bovino e o porcino son as principais especies explotadas en Galicia (Figura 1.14a). No caso concreto do gando porcino, durante os dez anos que separan os dous últimos censos agrarios (1999-2009) a redución experimentada do 78% no número de explotacións acompañouse dun descenso do 7% no número de animais (Figura 1.14b). Esta concentración das producións está asociada á xeración de dexeccións animais sobre áreas máis localizadas.



Figura 1.14. Evolución por tipo e capacidade produtiva das explotacións gandeiras galegas (na Figura 1.14b, o eixo dereito correspóndese exclusivamente para as aves). Fonte: Elaboración propia a partires da información dos censos agrarios de 1999 e 2009 do Instituto Nacional de Estatística.

En canto á base territorial, as explotacións son manexadas con frecuencia de xeito intensivo empregando xurros e fertilizantes inorgánicos para incrementar a produción agraria pero ao mesmo tempo os riscos ambientais. Doses anuais de 100 m^3 ha^{-1} de xurro e 1.000 kg ha^{-1} de

NPK 8:24:16 en áreas de gandaría intensiva no interior de Lugo foron sinaladas por Seco-Reigosa *et al.* (2015). Noutras ocasións a sobrefertilización é debida á insuficiencia de capacidade das fosas de xurro para as dimensións das explotacións (López-Mosquera *et al.*, 2005).

En contraposición cos antigos sistemas de produción (López-Iglesias *et al.*, 2013), a moderna gandaría supuxo o tránsito dun modelo de alimentación baseado nos pastos marxinais ou subprodutos da explotación agrícola, a outro no que os animais, criados sen ou con pouco leito, dependen de dietas moi estudadas baseadas en cereais e leguminosas, e pobres en materiais carbonosos (Boixadera, J., 2006).

No sector bovino, a alimentación baséase en boa medida en producións agrícolas obtidas e asociadas á base territorial das explotacións, o que permite un certo grao de autosuficiencia, variable segundo o rendemento das colleitas. Esta base territorial permite por tanto, obter alimento para os animais e adicionalmente, aproveitar as súas dexeccións na súa forma de xestión máis sinxela e barata, a aplicación directa ao terreo da propia explotación como fertilizante.

Poren, no sector porcino a base territorial adquire menor importancia xa que a alimentación dos animais procede integramente de pensos compostos, cuxa produción está deslocalizada ou é allea á explotación. Desta maneira, existe unha menor dependencia da base territorial asociada á explotación para a alimentación animal, manténdose a produción das dexeccións, e xa que logo a súa necesidade de xestión con destino fóra da base territorial.

1.4.4. Distribución das producións.

A forma na que as explotacións e a contía das producións se distribúen xeograficamente é un aspecto importante para avaliar as afeccións ambientais derivadas da súa actividade. Boa parte da produción europea concéntrase en Bélxica, Alemaña e Bretaña francesa, sobresaíndo en España as rexións de Cataluña e Murcia (Figura 1.15).



Figura 1.15. Distribución da produción porcina en Europa. Fonte: Eurostat (2013).

Restrinxindo o ámbito xeográfico a Galicia, estimacións da carga gandeira en termos de unidades de gando maior (UGM), confirman que o 56% dos concellos supera as 2 UGM ha^{-1}. Nos restantes distínguense dúas grandes zonas en Galicia, setentrional e oriental, onde se concentran 33 e 49 concellos respectivamente, nos que a carga gandeira é inferior ás 2 UGM ha^{-1}.



Figura 1.16. Carga gandeira en Galicia (UGM ha^{-1} SAU) para a totalidade de especies. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estatística (IGE, 2019b) o e relación de explotacións gandeiras en Galicia (Xunta de Galicia, 2015).

Estimacións similares sobre os aportes de N derivada das dexeccións animais das explotacións gandeiras por orientacións zootécnicas revelan amplas diferenzas entre os distintos concellos (Xunta de Galicia, 2015). A Figura 1.17 relaciona os aportes de nitróxeno derivados das dexeccións animais co valor da superficie agraria utilizada (SAU[1]) para cada concello. Tomando como referencia o valor de 170 kg N ha^{-1} subliñado no Código Galego de Boas Prácticas Agrarias (Xunta de Galicia, 1999), só coa produción de porcino, esta cantidade é superada en 19 concellos.



Figura 1.17. Cantidade de N xerado polas explotacións de porcino en Galicia referida á SAU. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estatística (IGE, 2019b) e relación de explotacións gandeiras en Galicia (Xunta de Galicia, 2015).

Estendendo a análise ao conxunto de explotacións gandeiras, amplíanse as zonas nas que a carga de N de orixe agrario, de seren aplicados na súa totalidade como fertilizante ao solo, pode implicar impactos ambientais negativos (Figura 1.18).

---

[1] A SAU comprende o conxunto da superficie de terras labradas (as que reciben coidados culturais con arado, aixada, grade, cultivador, etc.) e terras para pastos permanentes (terras non incluídas na rotación de cultivos, adicadas de forma permanente á produción de herba).



Figura 1.18. Cantidade de N xerado nas explotacións agrogandeiras en Galicia referida á SAU. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estatística (IGE, 2019b) e relación de explotacións gandeiras en Galicia (Xunta de Galicia, 2015).

En preto dun 25% dos concellos de Galicia, boa parte concentrados ao leste das provincias de Ourense e Pontevedra, xéranse nas explotacións gandeiras dexeccións animais cuxa carga en nitróxeno excede os 210 kg ha^{-1}. En 27 concellos a carga excede os 500 kg ha^{-1}.

Estas referencias non ofrecen resposta a situacións particulares polo que análises pormenorizadas deberían adecuarse ás circunstancias no ámbito local. Así, por exemplo, danse casos como na zona suroeste de Pontevedra (A Guarda, Moaña, Poio, Gondomar, etc.) nos que o problema non radica tanto na concentración da gandería extensiva senón nunha SAU moi reducida sobre a que aplicar as dexeccións como fertilizantes ao solo: 15 hectáreas en Moaña, 17 en A Guarda ou 24 en Poio (IGE, 2019b). Na comarca do Deza, a carga de N segue a ser elevada a pesares de que concellos como Lalín ou Silleda contan cun valor importante de SAU, 14.325 e 7.283 hectáreas respectivamente.

Aos aportes da fertilización animal, habería que engadir os procedentes dos abonos minerais. A fertilización mineral en Galicia acadou un máximo nos últimos anos de 70 kt en 2007. As cargas medias de abonos minerais nitroxenados en Galicia, referidas á SAU media, ascenderon aos 28 kt ha^{-1} nos anos 2005, 2010 e 2014 (Figura 1.19).



Figura 1.19. Consumo anual de fertilizantes inorgánicos en Galicia e carga media do aporte de nitróxeno mineral referenciado á SAU total en 2009 (no gráfico, o eixo dereito correspóndese coa liña descontinua). Fonte: Elaboración propia a partir de estatísticas estatais (MAAMA, 2014b) e valor da SAU de Galicia tomada do último censo agrario (IGE, 2019b).

A situación descrita contrasta coas estimacións levadas a cabo polo Plan de Xestión de Residuos Agrarios de Galicia (Xunta de Galicia, 2001) no que se considerou que a meirande parte dos concellos eran deficitarios en N tendo en conta as demandas deste elemento polos cultivos (Figura 1.20).



Figura 1.20. Balance de nitróxeno estimado pola produción de dexeccións nas explotacións gandeiras e a demanda dos cultivos en 2001. Fonte: Redibuxado dende o Plan de Xestión de Residuos Agrarios de Galicia (2001).

Naquel momento a meirande parte dos concellos eran deficitarios se ben no período que separa os dous últimos censos agrarios dispoñibles (1999 e 2009), a SAU de Galicia sufriu unha diminución de case 50.000 hectáreas (IGE, 2019b).

A consideración do xurro como residuo depende do posterior destino, o que, no caso da súa aplicación directa ao terreo, á súa vez depende da cantidade de superficie agraria útil a nivel local. Desta maneira a clasificación como residuo xa non depende logo, en boa medida, das propiedades do material senón de circunstancias extrínsecas ao mesmo. Neste contexto, a carga total de nitróxeno e a dispoñibilidade de SAU son variables interdependentes cuxa dimensión está condicionada por unha serie de factores externos (Figura 1.21).



Figura 1.21. Relacións sinópticas na xestión das dexeccións animais. Fonte: Elaboración propia para o ámbito desta tese.

A capacidade de acollida do territorio para a aplicación directa das dexeccións depende do dinamismo do sector primario. A evolución no número e distribución de explotacións incide na produción de esterco e inflúe, pola base territorial asociada a estas, na superficie susceptible de recibir fertilización orgánica. Outros factores a ter en conta para avaliar as relacións de interdependencia serían as tendencias sociodemográficas, políticas agrarias, condicións de mercado para a rendibilidade das explotacións, etc. En definitiva, trátanse de relacións complexas, de carácter non estático, que deben ser avaliadas en función do dinamismo do sistema ambiental, lexislativo, xeoespacial, económico e social do que forman parte.

A situación de sobrecarga gandeira de Galicia é extrapolable a outras zonas de España onde en zonas puntuais acádanse elevadas cargas gandeiras debido a un desenvolvemento das explotacións desordenado e desintegrado do ambiente (MMAMRM, 2010b).

Cómpre prestar especial atención ás dexeccións en forma líquida debido á maior rapidez na que se manifestan os seus efectos no ciclo hidrolóxico, cuestión a ter en conta de maneira singular en Galicia debido ás elevadas precipitacións medias anuais rexistradas comparativamente con outras rexións de España. Diversos autores apuntan a que a transformación experimentada nas últimas décadas polos sistemas agrícolas tradicionais deu lugar a unha progresiva diminución do esterco en detrimento de dexeccións en forma líquida (Dupuis, 2012; Fernández-Marcos e Álvarez-Rodríguez, 2011). Os estercos en fase líquida, e en boa parte a causa do hidrolavado nas granxas, teñen o inconvinte do seu alto contido en auga, o que encarece o seu transporte, sen variar o grao de dilución o contido total dos seus compoñentes (MMAMRM, 2010b).

Nas explotacións intensivas de gando porcino a meirande parte das dexeccións están en forma líquida, 99,29% do total, fronte ao 0,71% que representa a fase sólida (MMAMRM, 2010b). Segundo ata o de agora exposto, existe a necesidade de tratamento destas dexeccións baixo risco de consecuencias ambientais negativas (EC, 2015):

- Contaminación das augas superficiais e subterráneas (NO_3^-, NH_4^+, etc.).
- Acidificación (NH_3, H_2S, NO_X, etc.).
- Eutrofización (N, P).
- Contaminación atmosférica (NH_3, N_2O, NO, polvo, bioaerosoles, etc.).
- Incremento de gases de efecto invernadoiro (CO_2, CH_4, N_2O, etc.).
- Desecación (uso da auga subterránea).
- Perturbacións locais (olores, ruídos).
- Contaminación difusa de metais pesados, pesticidas e substancias tóxicas.
- Dispersión de patóxenos incluíndo aqueles resistentes aos antibióticos.
- Residuos farmacéuticos nas augas.

A Táboa 1.3 recolle unha serie de técnicas dispoñibles (EC, 2015) para mellorar as propiedades dos xurros. Unha estratexia de manexo pode consistir nun único proceso ou na combinación de varios diferentes.

Táboa 1.3. Principais características das técnicas para o tratamento das dexeccións (EC, 2015).

Tecnoloxía	Obxectivo	Principais beneficios ambientais	Principais efectos cruzados
Separación mecánica	Separación e concentración das fases sólidas e líquidas	A fase sólida é mais manexable fóra da granxa, reducindo problemas derivados de excesos de nutrientes, reducindo a acumulación de fósforo e o lixiviado de nitratos	Risco de emisións gasosas. Emisións indirectas de CO_2 debido ao consumo de electricidade.
Aireación da fase líquida/tratamento biolóxico	Descomposición biolóxica da materia orgánica. Eliminación do N amoniacal mediante o gas N_2	Redución de patóxenos e cheiros. Eliminación da materia orgánica biodegradable.	En condicións non óptimas, poden presentarse emisións de CH_4, N_2O e cheiros. Emisións de NH_3 e perda de N no valor fertilizante do xurro cando se combina cunha etapa de nitrificación-denitrificación.
Compostaxe da fase sólida	Obtención dun produto estable, libre de patóxenos, cun baixo contido de humidade e retendo a maioría dos nutrientes iniciais.	Redución importante dos custes de transporte e emisións de CO_2 asociadas debido á redución de masa. Produción dun fertilizante orgánico. Eliminación de patóxenos e redución de cheiros.	Emisións de NH3, cheiros e CH4 durante o proceso
Tratamento anaerobio	Produción de biogás. Mineralización e estabilización da materia orgánica.	Redución da emisión de gases de efecto invernadoiro ao diminuír as potencias emisións de CH_4 e os consumos de combustibles fósiles. Redución dos cheiros, do contido de patóxenos e aumento da hixienización.	Escapes incontrolados de biogás e consecuentes emisións de CH_4. Emisións potenciais derivados do almacenamento do dixestato (CH_4, H_2S, NH_3, N_2O)
Sistema de lagoas anaerobias	Combinación de estabilización do xurro, separación e almacenaxe.	Mellora da calidade das fases sólida e líquida	Emisións altas de CH_4.
Evaporación e secado de dexeccións. Secador de cinto de xurros e dexeccións húmidas.	Concentración de nutrientes e materia orgánica. Redución de volume para un máis doado manexo e transporte.	Produto seco, concentrado, hixienizado e doado de manexar, con concentracións moderadamente altas de nutrientes (N e P).	Concentración de metais pesados que poden limitar a aplicación sobre o terreo do produto. Emisións directas ou indirectas de CO_2, segundo a fonte de enerxía empregada. Alta volatilización de NH_3.
Túnel externo para o secado das dexeccións	Redución das emisións de amoníaco secando as verteduras recollidas polo cinto.	Redución de amoníaco e cheiros.	Consumo de enerxía con emisións indirectas de CO_2.
Acidificación do xurro	Redución das emisións de amoníaco mediante o descenso do pH, coa consecuente retención de amonio (NH_4-N) nas dexeccións.	Redución das emisións de amoníaco. Posible redución das emisións de CH_4.	Emisións de COV e cheiros pola reacción de oxidación debido a adición dun ácido forte.
Desorción (stripping)	Eliminación de amoníaco pola volatilización da fase líquida, co subsecuente recuperación nunha solución ácida como as sales de amonio ou por condensación	Menos contido en N no xurro e consecuentemente máis doado manexo na explotación. Redución de cheiros na aplicación ao terreo. Recuperación de N	Consumo de enerxía con emisións indirectas de CO_2.
Aditivos	Facilitar a xestión das dexeccións. Estabilización e redución no contido de patóxenos	Redución de amoníaco, patóxenos, cheiros e gases de efecto invernadoiro	Alta variabilidade na eficiencia

O documento de Mellores Técnicas Dispoñibles fai referencia á calor residual recuperada doutros procesos, principalmente instalacións mecánicas eléctricas (intercambiadores de calor ou evaporadores, por exemplo). Bonmartí *et al.* (2003) indicaron que a principal limitación para a evaporación do xurro era a existencia dunha fonte calor barata. A inversión e os custes operacionais son altos en comparación con outros sistemas ou técnicas para o tratamento da fracción líquida de xurro de porco, especialmente aqueles que inclúen un proceso evaporativo nalgunha etapa (Melse e Verdoes, 2005). Outros autores (Bonmatí *et al.*, 2003) apuntan á conveniencia de tratamentos previos como a dixestión anaerobia do xurro, para facer o proceso máis viable dende o punto de vista económico. En procesos de compostaxe a calor é producida biolóxicamente como resultado da oxidación aerobia exotérmica da materia orgánica e as instalacións requiren dunha inversión moito menor que os sistemas eléctricos ou mecánicos (Vázquez *et al.*, 2015).

A asociación de fitomasa forestal con xurro de porco en procesos de compostaxe pode converter as matrices en evaporadores naturais de auga. Os fundamentos son similares ás técnicas de xestión de xurro baseadas en técnicas de evaporación contidas no documento da Unión Europea de Mellores Técnicas Dispoñibles para as granxas de porcino intensivo (EC, 2015). A diferencia principal é a orixe das fontes de calor para o proceso de evaporación.

1.5. INDUSTRIA DE TABOLEIROS MDF.

A industria de fabricación de taboleiros con fibra de media densidade asentouse fortemente, con preto de 60 novas instalacións en Europa nas dúas últimas décadas. En Galicia estas instalacións son de considerable importancia ao contar cunha capacidade de produción anual de 997.000 m^3 de taboleiros, aproximadamente o 60% do total de España (Tarling, L. *et al.*, 2016).

Durante a fabricación dos taboleiros, as astelas de madeira son tratadas con vapor a elevada presión e temperatura para debilitar as unións das fibras coa lignina, que serve de aglutinante na madeira. Así as fibras son separadas por fricción con menor custe enerxético. Outras etapas do proceso inclúen o mesturado, formación da manta e prensado. A grandes liñas, o sistema produtivo pode dividirse en tres subsistemas: a preparación da madeira, o conformado do taboleiro e o seu rematado (Figura 1.22).



Figura 1.22. Fluxograma da fabricación de taboleiros MDF. Fonte: Rivela *et al.* (2007).

A auga residual procedente deste proceso presenta un pH reducido debido á hidrólise de grupos ácidos presentes na madeira. Outras características son a elevada temperatura, DQO e sólidos en suspensión (Balcik-Canbolat *et al.*, 2016; Ben *et al.*, 2011; Galehdar *et al.*, 2009).

Estas augas residuais son tratadas habitualmente en instalacións propias. A maior parte das fábricas aplican un tratamento primario co obxecto de eliminar a maior parte dos sólidos totais. Seguidamente un tratamento biolóxico aerobio reduce os valores de DQO e DBO_5. A ultrafiltración ou a osmose inversa só teñen lugar cando a auga superficial receptora é especialmente sensible ou cando é posible reutilizar a auga tratada no proceso produtivo (EC, 2014).

1.5.1. Produción de lodos.

Durante a produción do taboleiro xéranse augas residuais cuxa depuración por métodos físico-químicos dá lugar a lodos en cantidades variables, de entre 1,5 A 16 kg de sólidos totais por m^3 de MDF producido (EC, 2014; (Mymrin *et al.*, 2014).

Estes lodos son polo xeral retirados nun tratamento primario (EC, 2014). Na Figura 1.23 amósase o sistema de depuración das augas residuais industriais dunha industria local de fabricación de taboleiros MDF, consistente na aplicación consecutiva dun tratamento primario, de tipo físico-químico, seguido doutro biolóxico aerobio.



Figura 1.23. Fluxograma do proceso de depuración das augas residuais de industria de taboleiros MDF. Fonte: Elaboración propia para o ámbito desta tese.

O obxecto do tratamento primario é a redución dos sólidos en suspensión e da demanda química de osíxeno aplicando métodos de filtración, coagulación-floculación e flotación ata a obtención das lamas por centrifugado e prensado mediante parafuso senfín.

Inicialmente auméntase o pH, pasando dun valor inicial de 4,5 a outro próximo a 10, mediante a adición de sosa e cal co obxecto de xerar un medio adecuado para os microorganismos no tratamento biolóxico posterior. Nunha primeira balsa prodúcese o desbaste do material máis groso e o material restante entra nun primeiro flotador no que se separa a fracción máis densa, dirixida á balsa de lamas, da corrente líquida, conducida á balsa de enfriamento.

Nesta balsa a temperatura é reducida ata os 29 ºC e posteriormente a auga é derivada a un segundo flotador no que se engade coagulante-floculante. Novamente a fase máis densa é conducida á balsa de lamas e a fracción restante é dirixida a unha depuradora para o tratamento biolóxico secundario, logo do cal, a auga é vertida a un leito próximo. Periodicamente (1-2 veces ao mes) as lamas do tratamento biolóxico son retornadas ao tratamento primario, estimándose un volume aproximado do 5-10% anual con respecto aos lodos xerados no tratamento físico-químico.

O material concentrado na balsa de lamas é centrifugado obténdose unha nova fase líquida que será recirculada no flotador 1 (Figura 1.23), e unha fase sólida que será derivado a un xestor autorizado de residuos externo, alleo á empresa (Figura 1.24).

Figura 1.24. Fotografías das lamas de proceso de fabricación de taboleiro de fibras de media densidade: aspecto xeral (A) e detalle (B). Fonte: Propia, realizadas durante a execución dos traballos obxecto desta tese.

A pesares de que a composición deste residuo sólido é basicamente partículas de madeira e fibras, a súa calidade polo xeral non é suficiente para ser recirculado para a produción de taboleiro MDF (EC, 2014). As actuais prácticas de xestión deste lodo inclúen a incineración nas instalacións da industria (especialmente previo deshidratado), a aplicación ao terreo ou a súa deposición en vertedoiro (EC, 2014). Na literatura científica non existen moitas referencias sobre este material, as súas características e as opcións de manexo. Descartada a posibilidade da súa recirculación na propia industria de MDF pola baixa calidade da fibra, outros destinos potenciais serían o uso como fonte de enerxía en procesos de co-combustión (Skodras, 2004) ou máis recentemente investigouse a súa aplicación como material de construción (Mymrin *et al.*, 2014).

A normativa europea sobre a aplicación de lamas de depuradora en agricultura establece os principios que deben presidir as normativas nacionais na busca dun equilibrio entre os distintos destinos dos lodos e, en particular, o da aplicación en agricultura. Nun esquema de regulación en cascada, as directrices europeas incorporáronse á lexislación estatal e finalmente en Galicia, resultando de aplicación na Comunidade Autónoma o Decreto 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario na Comunidade Autónoma (DOG, 2012b). Entre outros, esta norma require un tratamento de estabilización antes da súa aplicación ao terreo como fertilizante. Entre as distintas opcións, a norma destaca a compostaxe e a dixestión anaerobia como técnicas axeitadas para este residuo.

1.5.2. Produción de augas residuais.

Os consumos de auga para a produción de MDF é xeralmente superior con respecto a outros taboleiros de madeira (Raunkjær *et al.*, 2016). Van Asch *et al.* (2016) e Fernandez *et al.* (2001) cuantificaron ratios de consumo de 1.52 e 3 m^3, respectivamente, para a fabricación de 1 m^3 de taboleiro MDF.

A auga residual producida (Figura 1.25) é pobre en nutrientes, rica en extractos, con baixos valores de pH (de 4 a 5 unidades), elevado contido en sólidos (totais e volátiles) e en DQO (Lindemann *et al.*, 2019; Balcik-Canbolat *et al.*, 2016; Ben *et al.*, 2011; Galehdar *et al.*, 2009).

Figura 1.25. Aspecto da auga residual á entrada do tratamento primario. Fonte: Propia para o ámbito desta tese.

A revisión da bibliografía revelou o estudo de diferentes métodos para o tratamento deste tipo de augas. A maioría deles de tipo físico-químico: evaporación (Galehdar *et al.*, 2009), osmose reversa (Portenkirchner *et al.*, 2003), coagulación-floculación (Ghorbannezhad *et al.*, 2016) e outros encamiñados principalmente á redución da DQO, color e sólidos en suspensión (Balcik-Canbolat *et al.*, 2016; Galehdar *et al.*, 2009).

Os tratamentos biolóxicos non son efectivos debido á presenza de compoñentes refractarios e non biodegradables (Balcik-Canbolat *et al.*, 2016; Galehdar *et al.*, 2009), propoñendo Lindermann *et al.* (2019) a recuperación de polifenois ao constituír un subproduto valioso, eliminado ao mesmo tempo unha importante fonte de toxicidade para os microorganismos.

1.6. OBXECTIVOS.

O emprego de técnicas biolóxicas na xestión de residuos de orixe orgánica permite a súa transformación en materias primas dun xeito respectuoso co ambiente. A circularidade destas conversións repercuten positivamente en aspectos tales como a recuperación dos nutrientes contidos nos residuos, a obtención de materia orgánica estable ou de enerxía procedente de fontes renovables non fósiles (Figura 1.26).



Figura 1.26. Esquema simplificado das experiencias levadas a cabo nesta tese.

O obxectivo desta tese é a aplicación da compostaxe e dixestión anaerobia para a xestión de residuos agroforestais de Galicia, en particular, xurros de porcino, fitomasa forestal residual (procedente de plantacións de castiñeiro e matogueiras) e residuos da industria forestal (augas residuais industriais e lamas do proceso de fabricación de taboleiros de fibra de media densidade).

Os obxectivos específicos son:

1. Integración en procesos de compostaxe dos residuos mencionados: a fitomasa forestal no papel de estruturante e corrección da relación C/N, o xurro de porcino actuando como

vector de auga e N, e co-compostaxe con lamas da industria forestal de taboleiros MDF (Capítulos 2 e 3).

2. O desenvolvemento dun método para avaliar a degradabilidade de composts e residuos orgánicos baseado nos equipos de DBO_5 manómetrico (Capítulo 4).
3. Avaliación da viabilidade da dixestión anaerobia para a obtención de metano a partir das augas residuais e lamas da industria de taboleiros MDF (Capítulo 5).
4. Discusión da idoneidade da normativa sectorial existente relativa á fertilización das terras con residuos orgánicos, no marco da estratexia galega de economía circular (Capítulo 6).

1.7. REFERENCIAS.

Agencia Europea de Medio Ambiente (Ed.), 2015. El medio ambiente en Europa: Estado y perspectivas 2015 – Informe de síntesis. Publications Office of the European Union. Copenhagen. ISBN: 978-92-9213-519-5.

Aires, A., Carvalho, R., Saavedra, M.J., 2016. Valorization of solid wastes from chestnut industry processing: Extraction and optimization of polyphenols, tannins and ellagitannins and its potential for adhesives, cosmetic and pharmaceutical industry. Waste Manag. 48, 457–464. https://doi.org/10.1016/j.wasman.2015.11.019

Almeida, A., Monteiro, A., 2019. Performance of a chestnut vacuum harvester - First results, in: Farm Machinery and Processes Management in Sustainable Agriculture, X International Scientific Symposium. Presented at the Farm Machinery and Processes Management in Sustainable Agriculture, IN-W Spatium.

Álvarez-Álvarez, P., Barrio Anta, M., F., Diaz Varela, R.A., Fernández Lorenzo, J.L., 2000. Manual de selvicultura del castaño en Galicia. Escola Politécnica Superior de Lugo. Lugo. ISBN: 978-84-923583-5-9.

Álvarez-Álvarez, P., Barrio-Anta, M., Cámara-Obregón, A., dos Santos Bento, J.M.R., 2013. Ground vegetation as an indicator of site quality: effect of non-site factors on the productivity of newly established chestnut plantations in northwestern Spain. J. For. Res. 18, 407–417. https://doi.org/10.1007/s10310-012-0361-2

Álvarez-Díaz, M., González-Gómez, M., Otero-Giraldez, M.S., 2015. Detecting the socioeconomic driving forces of the fire catastrophe in NW Spain. Eur. J. For. Res. 134, 1087–1094. https://doi.org/10.1007/s10342-015-0911-1

Angelidaki, I., Treu, L., Tsapekos, P., Luo, G., Campanaro, S., Wenzel, H., Kougias, P.G., 2018. Biogas upgrading and utilization: Current status and perspectives. Biotechnol. Adv. 36, 452–466. https://doi.org/10.1016/j.biotechadv.2018.01.011

Anjum, M., Al-Makishah, N.H., Barakat, M.A., 2016. Wastewater sludge stabilization using pre-treatment methods. Process Saf. Environ. Prot. 102, 615–632. https://doi.org/10.1016/j.psep.2016.05.022

Araujo Galvão, G.D., de Nadae, J., Clemente, D.H., Chinen, G., de Carvalho, M.M., 2018. Circular Economy: Overview of Barriers. Procedia CIRP 73, 79–85. https://doi.org/10.1016/j.procir.2018.04.011

Ares-Peón, I.A., Romaní, A., Garrote, G., Parajó, J.C., 2013. Invasive biomass valorization: environmentally friendly processes for obtaining second generation bioethanol and saccharides from Ulex europaeus: Bioethanol and chemicals from Ulex europaeus. J. Chem. Technol. Biotechnol. 88, 999–1006. https://doi.org/10.1002/jctb.3963

Ariunbaatar, J., Panico, A., Esposito, G., Pirozzi, F., Lens, P.N.L., 2014. Pretreatment methods to enhance anaerobic digestion of organic solid waste. Appl. Energy 123, 143–156. https://doi.org/10.1016/j.apenergy.2014.02.035

Arrobas, M., Afonso, S., Rodrigues, M.Â., 2018. Diagnosing the nutritional condition of chestnut groves by soil and leaf analyses. Sci. Hortic. 228, 113–121. https://doi.org/10.1016/j.scienta.2017.10.027

Balboa, X., 1990. O monte en Galicia, Universitaria. Edicións Xerais de Galicia, Vigo. ISBN: 978-84-7507-474-0.

Balcik-Canbolat, C., Sakar, H., Karagunduz, A., Keskinler, B., 2016. Advanced treatment of biologically treated medium density fiberboard (MDF) wastewater with Fenton and Fenton enhanced hydrodynamic cavitation process: Advanced treatment of MDF wastewater. J. Chem. Technol. Biotechnol. 91, 2935–2941. https://doi.org/10.1002/jctb.4909

Bao, M., Rodriguez, J.L., Dominguez, M.J., Crespo, I., De Vega, A., 1998. Ulex europaeus as a protein source for the agrifood industry in Galicia, Spain, in: El Bassam N, Behl RK, Prochnow B Eds Sustainable Agriculture for Food, Energy and Industry: Strategies towards Achievement. London, James & James, pp. 716–721.

Ben, M., Mato, T., Lopez, A., Vila, M., Kennes, C., Veiga, M.C., 2011. Bioplastic production using wood mill effluents as feedstock. Water Sci. Technol. 63, 1196. https://doi.org/10.2166/wst.2011.358

Bernal, M.P., Alburquerque, J.A., Moral, R., 2009. Composting of animal manures and chemical criteria for compost maturity assessment. A review. Bioresour. Technol. 100, 5444–5453. https://doi.org/10.1016/j.biortech.2008.11.027

Bernal, M.P., Sommer, S.G., Chadwick, D., Qing, C., Guoxue, L., Michel, F.C., 2017. Current Approaches and Future Trends in Compost Quality Criteria for Agronomic, Environmental, and Human Health Benefits, in: Advances in Agronomy. Elsevier, pp. 143–233. https://doi.org/10.1016/bs.agron.2017.03.002

BOE, 2020. Real Decreto 306/2020, de 11 de febrero, por el que se establecen normas básicas de ordenación de las granjas porcinas intensivas, y se modifica la normativa básica de ordenación de las explotaciones de ganado porcino extensivo. Boletín Oficial del Estado núm. 38, pp. 13761-13791.

BOE, 2012. Real Decreto 1528/2012, de 8 de noviembre, por el que se establecen las normas aplicables a los subproductos animales y los productos derivados no destinados al consumo humano. Boletín Oficial del Estado núm. 277, pp. 80199–80226.

BOE, 2003. Ley 43/2003, de 21 de noviembre, de Montes. Boletín Oficial del Estado núm. 280, pp. 41422–41442.

BOE, 2000. Real Decreto 324/2000 por el que se establecen normas básicas de ordenación de las explotaciones porcinas. Boletín Oficial del Estado núm. 58, pp. 9505-9512.

Boixadera, J., J., 2006. Uso agrícola de deyecciones ganaderas. Planes de fertilización, in: Actas de La Conferencia Nacional de Gestión de Deyecciones Ganaderas. pp. 53–72.

Bonmatí, A., Campos, E., Flotats, X., 2003. Concentration of pig slurry by evaporation: anaerobic digestion as the key process. Water Sci. Technol. J. Int. Assoc. Water Pollut. Res. 48, 189–194.

Bos, J.F.F.P., Smit, A. (Bert) L., Schröder, J.J., 2013. Is agricultural intensification in The Netherlands running up to its limits? NJAS - Wagening. J. Life Sci. 66, 65–73. https://doi.org/10.1016/j.njas.2013.06.001

Bouhier, A., 1984. Las formas tradicionales de utilización del monte, su evolución reciente, las perspectivas de porvenir, in: Os Usos Do Monte En Galicia, Publicacións Do Seminario de Estudos Galegos. Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, pp. 462. ISBN: 978-84-7492-238-7.

Bouhier, A., 1979. La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interpretation d'un vieux complexe agraire., La Roche-sur-Yon, Vendée : Imprimerie Yonnaise. ed.

Bounous, G., Marinoni, D.T., 2010. Chestnut: Botany, Horticulture, and Utilization, in: Janick, J. (Ed.), Horticultural Reviews. John Wiley & Sons, Inc., Oxford, UK, pp. 291–347.

Braga, N., Rodrigues, F., P.P. Oliveira, M.B., 2015. Castanea sativa by-products: a review on added value and sustainable application. Nat. Prod. Res. 29, 1–18. https://doi.org/10.1080/14786419.2014.955488

Brémond, U., de Buyer, R., Steyer, J.-P., Bernet, N., Carrere, H., 2018. Biological pretreatments of biomass for improving biogás production: an overview from lab scale to full-scale. Renew. Sustain. Energy Rev. 90, 583–604. https://doi.org/10.1016/j.rser.2018.03.103

Breure, A.M., Lijzen, J.P.A., Maring, L., 2018. Soil and land management in a circular economy. Sci. Total Environ. 624, 1125–1130. https://doi.org/10.1016/j.scitotenv.2017.12.137

Brito, L.M., Amaro, A.L., Mourao, I., Coutinho, J., 2010. Composting cattle slurry solid fraction with Italian ryegrass straw (Lo-lium multiflorum Lam.) or gorse (Ulex europaeus L.). Rev. Ciênc. Agrár. 33, 267–276.

Bueno, P., Tapias, R., López, F., Díaz, M.J., 2008. Optimizing composting parameters for nitrogen conservation in composting. Bioresour. Technol. 99, 5069–5077. https://doi.org/10.1016/j.biortech.2007.08.087

Calabrò, P.S., Fòlino, A., Tamburino, V., Zappia, G., Zema, D.A., 2018. Increasing the tolerance to polyphenols of the anaerobic digestion of olive wastewater through microbial adaptation. Biosyst. Eng. 172, 19–28. https://doi.org/10.1016/j.biosystemseng.2018.05.010

Celis, R., Torres, M., Valenzuela, P., Ríos, R., Gacitúa, W., Pesenti, H., 2014. Characterizing Cellulosic Fibers from Ulex europaeus. Bioresour. 94, 6968-6980.

Chen, W., He, L., Tian, S., Masabni, J., Zhang, R., Zou, F., Yuan, D., 2020. Combined Addition of Bovine Bone and Cow Manure: Rapid Composting of Chestnut Burrs and Production of a High-quality Chestnut Seedling Substrate. Agronomy 10, 288. https://doi.org/10.3390/agronomy10020288

Cherubini, G., 1981. La 'civiltà' del castagno in Italia alla fine del Medioevo. Archeol. Mediev. 247–280.

Conedera, M., Krebs, P., Tinner, W., Pradella, M., Torriani, D., 2004. The cultivation of Castanea sativa (Mill.) in Europe, from its origin to its diffusion on a continental scale. Veg. Hist. Archaeobotany 13. https://doi.org/10.1007/s00334-004-0038-7

Cordell, D., Drangert, J.-O., White, S., 2009. The story of phosphorus: Global food security and food for thought. Glob. Environ. Change 19, 292–305. https://doi.org/10.1016/j.gloenvcha.2008.10.009

Cutini, A., 1998. Biomass, litterfall and productivity in chestnut coppices of various age at Monte Amiata (Central Italy), in: The Sustainability Ofchestnut Forest in the Mediterranean Region, Fascicule 1/2 - 2000. Presented at the International Symposium organised by the Universita degli Studi di Catania, Edited by S. Leonardi, M. Rapp & F. Romane, Catania, pp. 33–41.

Deublein, D., Steinhauser, A. (Eds.), 2010. Biogás from waste and renewable resources: an introduction, 3. Nachdr. ed. Wiley-VCH-Verl, Weinheim. ISBN: 978-3-527-31841-4.

DOG, 2014. Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia. Diario Oficial de Galicia núm. 106, pp. 25488-25515.

DOG, 2012a. Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Diario Oficial de Galicia núm. 107, pp. 29234-29376.

DOG, 2012b. Decreto 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario na Comunidade Autónoma de Galicia. Diario Oficial de Galicia núm. 107, pp. 21694-21745.

DOG, 2007. Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal. Diario Oficial de Galicia núm. 79, pp. 6638-6640.

DOG, 2000a. Resolución do 12 de abril de 2000 sobre a declaración de zonas vulnerables na Comunidade Autónoma de Galicia. Diario Oficial de Galicia núm. 74, pp. 6313.

DOG, 2000b. Resolución do 10 de novembro de 2000 pola que se acorda publicala estratexia galega de xestión de residuos. Diario Oficial de Galicia núm. 236, pp. 16100-16122.

DOG, 1999. Orde do 7 de setembro de 1999 polo que se aproba o Código Galego de Boas Prácticas Agrarias. Diario Oficial de Galicia núm. 181, pp. 11354.

DOUE, 2015. Dictamen (2015/C 291/01) del Comité Económico y Social Europeo sobre las «Implicaciones de la política en materia de clima y energía para el sector agrícola y la silvicultura». Diario Oficial de la Unión Europea, C291, 7 pp.

DOUE, 2013. Decision No 1386/2013/EU of the European Parliament and of the Council of 20 November 2013 on a General Union Environment Action Programme to 2020 'Living well, within the limits of our planet.' Diario Oficial Unión Europea L354, pp 171–200.

DOUE, 2009. Reglamento (CE) 1069/2009 del Parlamento Europeo y del Consejo de 21 de octubre de 2009 por el que se establecen las normas sanitarias aplicables a los subproductos animales y los productos derivados no destinados al consumo humano. Diario Oficial Unión Europea, L300, 33 pp.

DOUE, 1991. Council Directive 91/676/EEC of 12 December 1991 concerning the protection of waters against pollution caused by nitrates from agricultural sources. Diario Oficial Unión Europea, L 375, pp. 0001 – 0008.

Dupuis, I., 2012. Producción y consumos sostenibles y recursos agrarios. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. Madrid.

EC, 2015. Best Available Techniques (BAT) Reference Document for the Intensive Rearing of Poultry or Pigs. Final draft, Integrated Pollution Prevention and Control. Recuperado en xullo de 2020, dende: https://eippcb.jrc.ec.europa.eu/reference/

EC, 2014. Best Available Techniques (BAT) Reference Document for the Production of Wood–based Panels. Final Draft., Integrated Pollution Prevention and Control. Recuperado en xullo de 2020, dende: https://eippcb.jrc.ec.europa.eu/reference/

Elliott, A., Mahmood, T., 2007. Pretreatment technologies for advancing anaerobic digestion of pulp and paper biotreatment residues. Water Res. 41, 4273–4286. https://doi.org/10.1016/j.watres.2007.06.017

Epstein, E., 2011. Industrial composting environmental engineering and facilities management. CRC Press, Boca Raton. ISBN: 978-1-4398-4532-5.

Estabrook, G., 1998. Maintenance of fertility of shale soils in a traditional agricultural system in central interior Portugal. J. Ethnobiol. 181 15–33.

Estabrook, G.F., 2008. The Significance Of Sheep In the Traditional Agriculture Of Beira Alta, Portugal. J. Ethnobiol. 28, 55–68. https://doi.org/10.2993/0278-0771(2008)28[55:TSOSIT]2.0.CO;2

Estabrook, G.F., 2006. Neither Wild nor Planted: Essential Role of Giesta (Cytisus, Fabaceae) in Traditional Agriculture of Beira Alta, Portugal. Econ. Bot. 60, 307–320. https://doi.org/10.1663/0013-0001(2006)60[307:NWNPER]2.0.CO;2

Ethaib, S., Omar, R., Mustapa Kamal, S., Radiah, D., 2015. Microwave-assisted pretreatment of lignocellulosic biomass: A review. J. Eng. Sci. Technol. 10, 97–109.

EU, 2015. Closing the loop -An EU action plan for the Circular Economy. Com(2015) 614 Communication from the Commission to the European Parliament, the Council, the European Economic and Social Committee and the Committee of the Regions. European Commission, Brussels.

EUROFORGEN, 2009. Distribution map of Chestnut (Castanea sativa). Mapa dixital. Recuperado en xullo de 2020, dende: http://www.euforgen.org/species/

EUROSTAT, Animal Populations., 2013. Number of sows by region. Recuperado en xullo de 2020, dende: http://appsso.eurostat.ec.europa.eu/nui/show.do?dataset=agr_r_animal&lang=en

Fei, S., Liang, L., Paillet, F.L., Steiner, K.C., Fang, J., Shen, Z., Wang, Z., Hebard, F.V., 2012. Modelling chestnut biogeography for American chestnut restoration: Chestnut biogeography. Divers. Distrib. 18, 754–768. https://doi.org/10.1111/j.1472-4642.2012.00886.x

Fernández de Ana Magán, F.J., Verde Figueiras, M.C., Rodríguez Fernández, A., 1998. O souto, un ecosistema en perigo. Servicio de Estudios e Publicacións, Consellería de Agricultura, Ganadería e Política Agroalimentaria. A Coruña. ISBN: 84-453-2068-8.

Fernández, J.M., Omil, F., Méndez, R., Lema, J.M., 2001. Anaerobic treatment of fibreboard manufacturing wastewaters in a pilot scale hybrid usbf reactor. Water Res. 35, 4150–4158. https://doi.org/10.1016/S0043-1354(01)00152-X

Fernández-López, J., Alía, R., 2003. EUFORGEN Technical Guidelines for genetic conservation and use for chestnut (Castanea sativa). International Plant Genetic Resources Institute, Rome, Italy.

Fernández-Marcos, M.L., Álvarez-Rodríguez, E., 2011. Contaminación del suelo por metales pesados resultante de la aplicación de purines y biosólidos, in: Gestión de Residuos Orgánicos de Uso Agrícola. pp. 49–55.

Freyling, V., O´Brien, M., Schepelmann, P., Kreibich, N., Aydin, V., 2014. Environment and Climate Change Policies (No. IP/A/ENVI/2014-08). European Parliament. Directorate General for Internal Policies. Brussels.

Füleky, G., Benedek, S., 2010. Composting to Recycle Biowaste, in: Lichtfouse, E. (Ed.), Sociology, Organic Farming, Climate Change and Soil Science. Springer Netherlands, Dordrecht, pp. 319–346. https://doi.org/10.1007/978-90-481-3333-8_12

Galehdar, M., Younesi, H., Hadavifar, M., Zinatizadeh, A.A., 2009. Optimization of a Photo-assisted Fenton Oxidation Process: A Statistical Model for MDF Effluent Treatment. CLEAN - Soil Air Water 37, 629–637. https://doi.org/10.1002/clen.200900052

García, X.R., 2008. Guía das plantas de Galicia. Edicións Xerais de Galicia. Vigo. 978-84-9782-939-7.

Geissdoerfer, M., Savaget, P., Bocken, N.M.P., Hultink, E.J., 2017. The Circular Economy – A new sustainability paradigm? J. Clean. Prod. 143, 757–768. https://doi.org/10.1016/j.jclepro.2016.12.048

Ghorbannezhad, P., Bay, A., Yolmeh, M., Yadollahi, R., Moghadam, J.Y., 2016. Optimization of coagulation–flocculation process for medium density fiberboard (MDF) wastewater through response surface methodology. Desalination Water Treat. 57, 26916–26931. https://doi.org/10.1080/19443994.2016.1170636

Gómez, J., Minhorst, R., Piñeiro-Iglesias, I., 2009. Evaluación de diferentes sistemas de elaboración de sustratos de cultivo obtenidos a partir de Tojo (Ulex europaeus L.). Span. J. Rural Dev. 188–204. https://doi.org/10.5261/2009.GEN0.11

Gonzalez-Hernandez, M.P., Silva-Pando, F.J., 1999. Nutritional Attributes of Understory Plants Known as Components of Deer Diets. J. Range Manag. 52, 132. https://doi.org/10.2307/4003506

Guerra-Rodríguez, E., Alonso, J., Melgar, M.J., Vázquez, M., 2006. Evaluation of heavy metal contents in co-composts of poultry manure with barley wastes or chestnut burr/leaf litter. Chemosphere 65, 1801–1805. https://doi.org/10.1016/j.chemosphere.2006.04.023

Guerra-Rodríguez, E., Vázquez, M., Diaz-Raviña, M., 2001a. Dynamics of physicochemical and biological parameters during the co-composting of chestnut burr/leaf litter with solid poultry manure. J. Sci. Food Agric. 81, 648–652. https://doi.org/10.1002/jsfa.866

Guerra-Rodríguez, E., Diaz-Raviña, M., Vázquez, M., 2001b. Co-composting of chestnut burr and leaf litter with solid poultry manure. Bioresour. Technol. 78, 107–109. https://doi.org/10.1016/S0960-8524(00)00159-0

Gujer, W., Zehnder, A.J.B., 1983. Conversion Processes in Anaerobic Digestion. Water Sci. Technol. 15, 127–167. https://doi.org/10.2166/wst.1983.0164

Haug, R.T., 1993. The practical handbook of compost engineering. Lewis Publishers, Boca Raton. ISBN: 978-0-87371-373-3.

He, Y.-C., Liu, F., Di, J.-H., Ding, Y., Zhu, Z.-Z., Wu, Y.-Q., Chen, L., Wang, C., Xue, Y.-F., Chong, G.-G., Ma, C.-L., 2016. Effective enzymatic saccharification of dilute NaOH extraction of chestnut shell pretreated by acidified aqueous ethylene glycol media. Ind. Crops Prod. 81, 129–138. https://doi.org/10.1016/j.indcrop.2015.11.079

Hubbert, M., 1949. Energy from Fossil Fuels. Science 109, 103–109.

IGE, 2019a. Instituto Galego de Estatística. Número de incendios e superficie en hectáreas. Recuperado en xullo de 2020, dende: https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=238&paxina=001&c=0101001002

IGE, 2019b. Instituto Galego de Estatística. Poboación, indicadores demográficos. Gando por especies. Superficie agraria útil. Recuperado en xullo de 2020, dende: http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=gl&codigo=0201004

Iglesias-Díaz, M.I., Lamosa, S., Rodil, C., Díaz-Rodríguez, F., 2009. Root development of Thuja plicata in peat-substitute rooting media. Sci. Hortic. 122, 102–108. https://doi.org/10.1016/j.scienta.2009.04.005

Iqbal, M.K., Shafiq, T., Ahmed, K., 2010. Characterization of bulking agents and its effects on physical properties of compost. Bioresour. Technol. 101, 1913–1919. https://doi.org/10.1016/j.biortech.2009.10.030

Kainthola, J., Kalamdhad, A.S., Goud, V.V., 2019. A review on enhanced biogás production from anaerobic digestion of lignocellulosic biomass by different enhancement techniques. Process Biochem. 84, 81–90. https://doi.org/10.1016/j.procbio.2019.05.023

Kim, J.K., Lee, D.J., Ravindran, B., Jeong, K.-H., Wong, J.W.-C., Selvam, A., Karthikeyan, O.P., Kwag, J.-H., 2017. Evaluation of integrated ammonia recovery technology and nutrient status with an in-vessel composting process for swine manure. Bioresour. Technol. 245, 365–371. https://doi.org/10.1016/j.biortech.2017.08.083

Kim, J.S., Lee, Y.Y., Kim, T.H., 2016. A review on alkaline pretreatment technology for bioconversion of lignocellulosic biomass. Bioresour. Technol. 199, 42–48. https://doi.org/10.1016/j.biortech.2015.08.085

Kougias, P.G., Angelidaki, I., 2018. Biogás and its opportunities—A review. Front. Environ. Sci. Eng. 12. https://doi.org/10.1007/s11783-018-1037-8

Külcü, R., Yaldiz, O., 2014. The composting of agricultural wastes and the new parameter for the assessment of the process. Ecol. Eng. 69, 220–225. https://doi.org/10.1016/j.ecoleng.2014.03.097

Lambert, M.G., Jung, G.A., Harpster, H.W., Lee, J., 1989. Forage shrubs in North Island hill country 4. Chemical composition and conclusions. N. Z. J. Agric. Res. 32, 499–506. https://doi.org/10.1080/00288233.1989.10417923

Ligero, P., de Vega, A., van der Kolk, J.C., van Dam, J.E.G., 2011. Gorse (Ulex europæus) as a possible source of xylans by hydrothermal treatment. Ind. Crops Prod. 33, 205–210. https://doi.org/10.1016/j.indcrop.2010.10.011

Lindemann, M., Rieder-Gradinger, C., Kuncinger, T., Srebotnik, E., 2019. Selective recovery of polyphenols from MDF process waters by adsorption on a macroporous, cross-linked pyrrolidone-based resin. Holzforschung 0. https://doi.org/10.1515/hf-2018-0229

Liu, H., Li, K., Mingbin, L., Zhao, J., Xiong, B., 2016. Effects of chestnut tannins on the meat quality, welfare, and antioxidant status of heat-stressed lambs. Meat Sci. 116, 236–242. https://doi.org/10.1016/j.meatsci.2016.02.024

López-Iglesias, E., Sineiro-García, F., Lorenzana-Fernández, R., 2013. Chapter 5 Processes of Farmland Abandonment: Land use Change and Structural Adjustment in Galicia (Spain), in: Ortiz-Miranda, D., Moragues-Faus, A., Arnalte-Alegre, E. (Eds.), Research in Rural Sociology and Development. Emerald Group Publishing Limited, pp. 91–120.

López-López, N., López-Fabal, A., 2016. Compost based ecological growing media according EU eco-label requirements. Sci. Hortic. 212, 1–10. https://doi.org/10.1016/j.scienta.2016.09.029

López-Mosquera, M.E., Barros, R., Sainz, M.J., Carral, E., Seoane, S., 2005. Metal concentrations in agricultural and forestry soils in northwest Spain: implications for disposal of organic wastes on acid soils. Soil Use Manag. 21, 298–305. https://doi.org/10.1079/SUM2005324

Lowe, S., Browne, M., Boudjelas, S., De Poorter, M., 2000. 100 of the World's Worst Invasive Alien Species A selection from the Global Invasive Species Database. The Invasive Species Specialist Group (ISSG). Updated and reprinted version: November 2004. Recuperado en xullo de 2020, dende: www.issg.org/booklet.pdf

Lyles, J., Kavanaugh, J., Nelson, K., Parlet, C., Crosby, H., Heilmann, K., Horswill, A., Quave, C., 2016. Structure Elucidation Of Ursene And Oleanene Derivatives From Castanea Sativa (European Chestnut) That Inhibit Staphylococcus Aureus Virulence And Pathogenesis. Planta Med. 82. https://doi.org/10.1055/s-0036-1578746

MAAMA, 2016. Plan Estatal Marco de Residuos. Ministerio de Agricultura, Alimentacion y Medio Ambiente. https://www.miteco.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/planes-y-estrategias/Planes-y-Programas.aspx. Último acceso: marzo de 2020.

MAAMA, 2014a. Plan de Activación Socioeconómica del Sector Forestal. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/plan-pasfor/. Último acceso: marzo de 2020.

MAAMA, 2014b. Estadísticas de consumo de fertilizantes inorgánicos en Agricultura. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. http://www.magrama.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/agricultura/estadisticas-medios-produccion/fertilizantes.aspx.

Maheshwari, D.K., Dheeman, S., Agarwal, M., 2014. Decomposition of Organic Materials into High Value Compost for Sustainable Crop Productivity, in: Maheshwari, Dinesh K. (Ed.), Composting for Sustainable Agriculture. Springer International Publishing, Cham, pp. 245–267.

Martínez-Alonso, C., Berdasco, L., 2015. Carbon footprint of sawn timber products of Castanea sativa Mill. in the north of Spain. J. Clean. Prod. 102, 127–135. https://doi.org/10.1016/j.jclepro.2015.05.004

Meadows, D., 2009. Perspectives on Limits to Growth - 37 Years Later. Plenary presentation at the World Resources Forum, Davos, Switzerland.

Meegoda, J., Li, B., Patel, K., Wang, L., 2018. A Review of the Processes, Parameters, and Optimization of Anaerobic Digestion. Int. J. Environ. Res. Public. Health 15, 2224. https://doi.org/10.3390/ijerph15102224

Melse, R.W., Verdoes, N., 2005. Evaluation of Four Farm-scale Systems for the Treatment of Liquid Pig Manure. Biosyst. Eng. 92, 47–57. https://doi.org/10.1016/j.biosystemseng.2005.05.004

Meyer, T., Edwards, E.A., 2014. Anaerobic digestion of pulp and paper mill wastewater and sludge. Water Res. 65, 321–349. https://doi.org/10.1016/j.watres.2014.07.022

MMA, 2002. Plan Forestal Español. Ministerio de Medio Ambiente. Recuperado en xullo de 2020, dende: http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/pfe_tcm7-30496.pdf

MMA, 1999. Estrategia Forestal Española. Ministerio de Medio Ambiente. https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/planificacion-forestal/politica-forestal-en-espana/pfe_estrategia_forestal.aspx. Último acceso: marzo de 2020.

MMAMRM, 2011a. IV Inventario Forestal Nacional (Galicia). Dirección General de Medio Ambiente y Política Forestal. Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino.

MMAMRM, 2011b. Mapa Forestal de España, escala 1:25.000. Publicado xunto coa provincia correspondente do IFN4. Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. Madrid.

MMAMRM, 2010a. Estrategia Española para el desarrollo del uso energético de la biomasa forestal residual. Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. Madrid.

MMAMRM, 2010b. Caracterizacion de sistemas de gestion de deyecciones. Sector porcino intensivo. Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. Secretaría General Técnica. Centro de Publicaciones. https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/publicaciones/Porcino%20Intensivo_tcm30-105327.pdf. Último acceso: marzo de 2020.

Monarca, D., Cecchini, M., Colantoni, A., Menghini, G., Moscetti, R., Massantini, R., 2014. The evolution of the chestnut harvesting technique. Acta Hortic. 219–225. https://doi.org/10.17660/ActaHortic.2014.1043.29

Mymrin, V., Meyer, S.A.S., Alekseev, K.P., Pawlowsky, U., Fernandes, L.H., Scremim, C.B., Catai, R.E., 2014. Manufacture of a construction material using the physicochemical properties of ash and sludge wastes from MDF board production. Constr. Build. Mater. 50, 184–189. https://doi.org/10.1016/j.conbuildmat.2013.09.016

Neumann, P., Pesante, S., Venegas, M., Vidal, G., 2016. Developments in pre-treatment methods to improve anaerobic digestion of sewage sludge. Rev. Environ. Sci. Biotechnol. 15, 173–211. https://doi.org/10.1007/s11157-016-9396-8

Núñez-Regueira, L., 2004. Energy evaluation of forest residues originated from shrub species in Galicia. Bioresour. Technol. 91, 215–221. https://doi.org/10.1016/S0960-8524(03)00169-X

Núñez-Regueira, L., Añón, J.A.R., Castiñeiras, J.P., 1996. Calorific values and flammability of forest species in Galicia. Coastal and hillside zones. Bioresour. Technol. 57, 283–289. https://doi.org/10.1016/S0960-8524(96)00083-1

Núñez-Regueira, L.N., Rodríguez, J., Proupín, J., Mouriño, B., 1994. Forest waste as a potential alternative energy source. J. Therm. Anal. 41, 1393–1398. https://doi.org/10.1007/BF02549934

Obernberger, I., Brunner, T., Barnthaler, G., 2006. Chemical properties of solid biofuels—significance and impact. Biomass Bioenergy 30, 973–982. https://doi.org/10.1016/j.biombioe.2006.06.011

Obileke, K., Nwokolo, N., Makaka, G., Mukumba, P., Onyeaka, H., 2020. Anaerobic digestion: Technology for biogás production as a source of renewable energy—A review. Energy Environ. 0958305X2092311. https://doi.org/10.1177/0958305X20923117

Onwosi, C.O., Ndukwe, J.K., Aliyu, G.O., Chukwu, K.O., Ezugworie, F.N., Igbokwe, V.C., 2020. Composting: An Eco-friendly Technology for Sustainable Agriculture, in: Bauddh, K., Kumar, S., Singh, R.P., Korstad, J. (Eds.), Ecological and Practical Applications for Sustainable Agriculture. Springer Singapore, Singapore, pp. 179–206. https://doi.org/10.1007/978-981-15-3372-3_9

Ortolano, L., Baumont, S., Puz, G., 2009. Implementing Programmes to Reduce Nitrate Pollution from Agriculture in Brittany, France. Int. J. Water Resour. Dev. 25, 641–656. https://doi.org/10.1080/07900620903273531

Park, S.-M., Kang, J.-H., Son, H.-J., Oh, D.-H., Min, S.C., Song, K.B., 2016. Combined treatments of chestnut shell extract, fumaric acid, and mild heat to inactivate foodborne pathogens inoculated on beetroot (Beta vulgaris L.) leaves. Food Sci. Biotechnol. 25, 1217–1220. https://doi.org/10.1007/s10068-016-0193-5

Pérez, S., Renedo, C.J., Ortiz, A., Delgado, F., Fernández, I., 2014. Energy potential of native shrub species in northern Spain. Renew. Energy 62, 79–83. https://doi.org/10.1016/j.renene.2013.06.048

Pergola, M., Persiani, A., Palese, A.M., Di Meo, V., Pastore, V., D'Adamo, C., Celano, G., 2017. Composting: The way for a sustainable agriculture. Appl. Soil Ecol. https://doi.org/10.1016/j.apsoil.2017.10.016

Pilli, S., Yan, S., Tyagi, R.D., Surampalli, R.Y., 2015. Thermal Pretreatment of Sewage Sludge to Enhance Anaerobic Digestion: A Review. Crit. Rev. Environ. Sci. Technol. 45, 669–702. https://doi.org/10.1080/10643389.2013.876527

Pires, A.L., Portela, E., 1998. Chestnut litter production and nutrient budgets in relation to management over a five year period, in: The Sustainability Ofchestnut Forest in the Mediterranean Region, Fascicule 1/2 - 2000. Presented at the International Symposium organised by the Universita degli Studi di Catania, Edited by S. Leonardi, M. Rapp & F. Romane, Catania, pp. 137–142.

Pitman, R.M., Webber, J., 2013. The Character of Composted Bracken (Pteridium aquilinum L. Kuhn) and its Potential as a Peat Replacement Medium. Eur. J. Hortic. Sci. 78(4), 145–152.

Como o equipo da DBO só rexistrou o consumo acumulado de oxíxeno ao final de cada día, parece claro que a máxima $LDBO_r$ (Figura 4.2D) non pode ter valores equivalentes nin o mesmo significado que o valor da $VECO_m$ obtida polo método da proba do oxíxeno disolto (Figura 4.2B). Por outro lado, a Figura 4.2D indica que, cando as condicións do ensaio son variables (por exemplo, concentracións de SV, volume de mostra ou escala escollida para o método da DBO), valores comparables da taxa de consumo específico de oxíxeno foron obtidos só despois de 4 a 5 días de experimento. Tendo en conta este comportamento, só os valores da DBO ou da DBO_r aos 5 días poden ser usados como índices respirométricos (Vázquez, 2015). De feito, estes dous índices teñen o mesmo significado, xa que $DBO_{r5d} = DBO_{5d}/5$. Sen embargo, e de igual xeito que nos ensaios con augas residuais, a observación da evolución da curva DBO ofrece valiosa información ao operador especializado para interpretar a calidade da proba. O criterio útil é que a curva DBO ao final de 4-5 días debe aproximarse á asíntota.



Figura 4.2. A) Respirogramas obtidos para compost inestable (UN) (VECO test). B) Típica curva VECO para compost estable (S) e inestable (UN). C), D) Evolución das curvas DBO (c) e curvas DBOr (d) para dous tipos de compost (UN: inestable, S: estable). E), F) Exemplos de respirometría (E) e BDO5 (F) para materiais sen actividade utilizando inóculo.

4.2.3. Preparación de mostras.

Na determinación da VECO e do método da DBO en fase líquida, unha mesma mostra de compost ou residuo orgánico foi dispersada en 800 mL de auga destilada mediante unha batidora de cociña, e logo filtrada por unha malla de 3 mm de luz para eliminar as partículas grosas que non lograron ser trituradas. Isto significa que case todas as partículas de materia orgánica foron trituradas a un tamaño inferior aos 3 mm e todo o substrato biodegradable foi transferido á suspensión líquida. O volume total foi completado con auga destilada ata os 4.000 mL.

O tamaño da mostra a dispersar variou entre 2 g e 5 g de materia fresca para composts e a fracción orgánica do residuo sólido municipal, dependendo na actividade agardada. No caso de materiais de baixa biodegradabilidade, AG4-lod, AG5-lod , AG3-cst e AG2-mat aproximáronse respectivamente aos 3, 9 e 18 g SV L^{-1}. O AG1-pur foi dispersado a unha concentración do 2.5%. En tódolos casos, a humidade e os SV determináronse de acordo con Standard Methods (APHA, 2005).

Para previr as limitacións causadas polas flutuacións de pH ou dispoñibilidade de nutrientes, 30 mL de tampón fosfato, 10 mL de cada unha das solucións de nutrientes de $CaCl_2$ (27.5 g L^{-1}), $FeCl_3$*$6H_2O$ (0.25 g L^{-1}) e $MgSO_4$*$7H_2O$ (22.5 g L-1) foron engadidas a esta dispersión. Esas solucións foron preparadas segundo os métodos estandarizados para a determinación da DBO (APHA, 2005). Ademais, 2 mL da solución de atiltiourea (ATU, 1 g L^{-1}) foron tamén engadidos como inhibidores da nitrificación de nitróxeno. O pH foi regulado a 7.0-7.1 mediante solucións diluídas de NaOH ou HCl.

O inóculo non foi engadido no caso de FORU, AG1-pur e mostras de compost xa que considerouse que esas mostras contiñan en si mesmas unha carga suficientemente alta de microorganismos activos. Naquelas mostras ensaiadas que a priori non contarían con suficiente flora microbiana (AG3-cst, AG2-mat, AG4-lod e AG5-lod), empregouse compost maduro como inóculo. En canto á concentración de inóculo, estimouse como suficiente 3-4 g SV L^{-1}. Neste caso, os ensaios de VECO e DBO realizáronse en paralelo para a mestura de substrato e inóculo, e para a dispersión con só inoculo a modo de branco (Figura 2E, 2F). Como criterio debe observarse que o consumo de oxíxeno do ensaio branco (só con inóculo) sexa moi baixo. No caso de emprego de inóculo, os valores para cada substrato correspondéronse coa diferenza entre ambos:

$$VECO_{susbtrato} = VECO_{(susbtrato+inóculo)} - VECO_{inóculo}$$

$$DBO_{susbtrato} = DBO_{(susbtrato+inóculo)} - DBO_{inóculo}$$

4.2.4. Análises numéricas.

Os cálculos dos valores das medias e desviacións típicas, análises de regresión e integración numérica foron realizadas mediante Microsoft Excel, así como a análise de varianza para comparar os conxuntos de datos mediante o valor da probabilidade (p).

4.3. RESULTADOS E DISCUSIÓN.

4.3.1. Mostras de plantas de compostaxe de fracción orgánica de residuos urbanos.

Na Figura 4.3 amósanse de forma comparativa os resultados dos ensaios cos tres métodos (respirometría, DBO_5 e auto-quecemento) aplicados ás mostras procedentes da planta de tratamento de FORU por dixestión anaerobia e compostaxe aerobio (mostras N1, N2 e N3). A reproducibilidade dos ensaios resultou moi aceptable, como reflicten5 as curvas duplicadas de respirometría, ou as barras de desviación estándar nos ensaios de DBO e auto-quecemento.

A mostra N1 (FORU sen tratar) acadou os valores máis altos de biodegradabilidade cunha VECO máxima de aproximadamente 13 mg O_2 g SV^{-1} h^{-1} ás 13 horas de ensaio (Figura 4.3a). En consonancia, a $DEAO_{20h}$ acadou os 121 mg O_2 g SV-1 e a DBO_5 superou os 300 mg O_2 g SV^{-1} (Figura 4.3b). O test de autoquecemento revelou unha Clase I, correspondente a material fresco, cun gradiente de temperatura sobre o ambiente maior de 40ºC durante 13 días (Figura 4.3c).

En canto ao dixestato (N2), a respirometría amosou de novo un pico máximo de consumo ás 13 horas, mais neste caso o valor máximo da VECO acadou só os 3 mg O_2 g SV^{-1} h^{-1}, un 70% inferior ao da mostra N1, pero claramente indicativo dun material non estabilizado. A súa vez a DBO_5 superou os 140 mg O_2 g SV^{-1} e o valor máximo do gradiente no test de autoquecemento acadou os 20 ºC (Figura 4.3e e Figura 4.3f), polo que estaríamos fronte a un material, compost de ser o caso, moderadamente estable (Clase IV). Estes resultados indican que a dixestión anaerobia produciu unha redución importante da materia orgánica facilmente biodegradable. De todas formas, e como se verá máis adiante, a necesidade de utilizar estruturante no ensaio de auto-quecemento do dixestato podería condicionar a validez deste índice á hora de comparalo cos respirométricos.



Figura 4.3. Curvas VECO, DBO e gradientes do test de autoquecemento das mostras N1, N2 e N3 da Planta de Tratamento FORU (N)e FORU en diferentes estados de transformación(inicial-fresco, intermedio-dixestato e final-compost).

Finalmente, o compost rematado (N3), amosa variacións dos valores de VECO e $DEAO_{20h}$ intermedios entre o dixestato (N2) e a FORU (N1). O test de autoquecemento volve dar como resultado unha clasificación do material compostado como Clase I, material fresco ou inestable, pero mantendo un gradiente de temperatura > 40ºC durante un período moito menor (4 días) que a FORU. Isto explícase polo feito de que no proceso de compostaxe na Planta de Tratamento (N) engádese o dixestato sobre unha fracción de FORU non sometida a dixestión, xunto cun proceso de estabilización aerobia claramente insuficiente.

De forma similar realizáronse ensaios cos tres métodos aplicados ás mostras procedentes dunha segunda planta de tratamento de FORU (mostras L1 a L4) e de compostaxe de residuos de comedor no campus da Universidade de A Coruña (mostras C1 a C4). Os valores para os indicadores $VECO_m$, $DEAO_{20h}$, DBO e incremento de temperatura (test de autoquecemento) mostraron pouca variación entre réplicas, reflectindo a homoxeneidade da mostra e a reproducibilidade do ensaio (Figura 4.2).

Táboa 4.2. Resultados de estabilidade, madurez e DBO_5 das mostras estudadas.

ORIXE	MOSTRA	$VECO_m$ (mg O_2 g SV^{-1} h^{-1})	$DEAO_{20h}$ (mg O_2 gSV^{-1})	Media DBO (mg O_2 gSV^{-1})	Estabilidade		Ratio DBO/DEAO
					Dewar[a] (ºC)	Clase[b]	
Unidade tratamento 2 de FORU	N1	12,7 ± 0.7	124,6 ± 15.5	308,8 ± 18.5	43,9 ± 2.1	I	2,48
	N2	2,9 ± 0.2	21,5 ± 0.9	141,2 ± 5.9	18,3 ± 4.0	IV	6,57
	N3	4,2 ± 0.2	46,5 ± 4.2	118,8 ± 9.5	43,3 ± 0.9	I	2,55
Unidade tratamento 1 de FORU	L1	16,08 ± 5.3	64,0 ± 2.4	141,6 ± 8.1	54,55 ± 0.85	I	2,21
	L2	13,38	108	225,4 ± 5.4	46,60	I	2,07
	L3	0,66	7,115 ±	15,1 ±	4,70	V	2,12
	L4	1,29	14,155 ±	36,0 ±	15,40	IV	2,54
Campus universitario	C1	0,35 ± 0.01	4,7 ± 0.7	18,3 ± 2.0	3,13	V	3,89
	C2	0,65 ± 0.11	9.0 ± 1.3	19,8 ± 1.7	14,50	IV	2,21
	C3	4,15 ± 0.05	54,7 ± 5.2	130,1 ± 23.7	41,20	I	2,38
	C4	4,15	50,1*	109,3 ± 1.7	46,15.	I	2,18

[a] Gradiente de temperatura sobre o ambiente (20 ºC ± 2). [b] Grao de madurez segundo a escala de Brinton *et al.* (1995).

Os compost máis evolucionados presentaron as menores taxas de consumo de oxíxeno ao quedaren esgotada a súa fracción facilmente biodegradable (C1, L3) e obteron unha Clase V de madurez (Brinton *et al.*, 1995), ou parcialmente esgotada (C2, L4), con Clase IV. Outras 6 mostras corresponderon a material non estabilizado (C3, C4, L1, L2, N1, N3) e Clase I, mentres a mostra N2 situouse entre clase III e IV.

4.3.2. Correlación entre os diferentes índices de estabilidade para mostras e compost de fracción orgánica de residuos urbanos.

Os resultados dos indicadores de estabilidade das diferentes mostras empregáronse para estudar a correlación entre os diferentes índices (Táboa 4.3). Estes axustes requiriron excluír da análise ben a mostra do dixestato (N2) ou a mostra de compost de FORU L1 (Táboa 4.3) ao presentaren diferentes particularidades. A mostra N2 ofreceu valores comparativamente elevados de DBO, fóra da correlación cos outros indicadores, que correlacionaron entre si. No caso de L1 foi a $VECO_m$ o indicador que presentou valores relativamente máis elevados que non correlacionaron coa DEAO nin coa DBO.

O dixestato é o residuo resultante da dixestión anaerobia do FORU polo que non pode entenderse como unha mostra de compost ao estaren composto nun 81% por auga (Táboa 4.1). Este feito pode ter influído na distinta composición das poboacións microbianas con respecto ás restantes mostras sólidas. O ensaio de DBO amosou valores elevados, propios de compost fresco, pero esta correspondencia non se viu reflectida na $DEAO_{20h}$, onde o consumo acumulado de O_2 estivo máis próximo aos valores dos composts maduros (Táboa 4.2). A explicación podería vir dada polo feito de que o ensaio de DBO, con 5 días de duración, permitiría o desenvolvemento de microorganismos aerobios suficientes, o que non tería ocorrido no caso do ensaio de VECO, con só 20 h de duración. No caso de tratarse dun problema de aclimatación e crecemento de microorganismos aerobios, este podería ser resolto cunha segunda alimentación de substrato sobre o medio da primeira alimentación. Por outro lado, o test de autoquecemento foi inicialmente concibido para mostras sólidas de compost, polo que a necesaria adición de estruturante en altas proporcións (3,15 veces máis en volume de estruturante que de dixestato) cuestiona en certo modo a validez da análise comparativa da correlación.

A mostra L1 presentou un período de latencia que retrasou os consumos de O_2 tanto nas probas de estabilidade (10 horas nos test VECO e Rottegrade, e 24 horas na DBO) podendo ser debido a unha poboación inicial de microorganismos moi baixa ou a un período de adaptación ás novas condicións do medio máis longo con respecto a outras mostras estables. O test VECO para L1 amosou a $VECO_m$ máis alta para o conxunto das mostras de compost (16,08 mg O_2 g SV^{-1} h^{-1}) mais este consumo estivo inhibido nas primeiras horas do ensaio. Os baixos valores de DEAO e DBO poderían corrixirse, posiblemente, realizando unha segunda alimentación na que o contido da primeira actuaría como inóculo. A observación das curvas de respirometría no tempo permite detectar a posible fase de latencia, e no seu caso corrixila mediante unha segunda alimentación. Porén, esta proposta non foi comprobada no presente estudo.

Táboa 4.3. Correlacións entre os distintos indicadores considerados. DEAO: Demanda específica de oxíxeno acumulada; VECO: A demanda específica de oxíxeno; IncT: Gradiente máximo de temperatura.

Correlacións entre parámetros	Ecuación	R²	N	Excluído
DBO vs DEAO	$y = 2,2847x + 1,8256$	0,984	10	N2
DEAO vs $VECO_m$	$y = 8,7411x + 5,2611$	0,961	10	L1
DBO vs $VECO_m$	$y = 19,063x + 27,553$	0,878	10	L1
IncT vs DEAO	$y = -0,0076x^2 + 1,2949x - 1,8912$	0,967	11	
IncT vs DBO	$y = -0,0013x^2 + 0,5258x - 1,1012$	0,941	10	N2
IncT vs $VECO_m$	$y = -0,4351x^2 + 9,5063x + 4,0429$	0,832	11	

Todas as correlacións corresponden a un nivel de probabilidade $p<0,001$.

Os resultados de correlación amosados na Táboa 4.3 indican que, con independencia do seu contido en materia orgánica e grao de humidade, as mostras de FORU e compost procedentes de FORU presentaron unha forte correlación entre o consumo de oxíxeno determinado pola DBO e a DEAO ($R^2=0.984$, n=10, $p<0.001$). Para a correlación entre outros pares de indicadores, o valor de R^2 variou entre 0,83 e 0,96, sempre cun nivel de probabilidade estatística $p<0,01$ (Táboa 4.3). A mellor correlación entre DBO_5 e $DEAO_{20h}$, como índices integrados no tempo, fronte ás correlacións que inclúen o índice puntual $VECO_m$, suxiren que os indicadores integrados poden caracterizar mellor os substratos estudados. Isto está de acordo con resultados previos publicados para métodos respirométricos (Scaglia *et al.*, 2007; Wagland *et al.*, 2009).

4.3.3. Valores límites indicadores de estabilidade para mostras de compost de fracción orgánica de residuos urbanos.

A $VECO_m$ constitúe o índice máis empregado como indicador de estabilidade nos ensaios con respirometría en fase líquida (EC, 2014). Por isto, será empregado como referencia para a obtención dos valores límites dos outros índices para compost estable. O valor de referencia para compost estable tense situado nunha $VECO_m$ de 1 mg O_2 g $SV^{-1}\cdot h^{-1}$, ou incluso no rango de 0,4-1,0 mg O_2 g SV^{-1} h^{-1} (Lasaridi and Stentiford, 1998; EC, 2014). A partir dos datos obtidos para as mostras estudadas (Táboa 4.2) podemos obter os valores de DBO_5 e $DEAO_{20h}$ que se corresponden cunha $VECO_m$ de 1 mg O_2 g SV^{-1} h^{-1}, que consideraremos indicadores do limiar de estabilidade. Para isto, analizaremos primeiro a variación dos cocientes DBO_5 / $VECO_m$ e $DEAO_{20h}$ / $VECO_m$ fronte á $VECO_m$ (Figura 4.4).

Como xa vimos, as mostras analizadas ofreceron resultados moi parellos e correlacionados entre todos os índices (Táboa 4.3). A Figura 4.4 amosa que os valores dos cocientes $DEAO_{20h}$ / $VECO_m$ e DBO / $VECO_m$ vense reducidos para residuos moi biodegradables ou compost moi pouco estables, pero mantense en valores moi similares a valores de $VECO_m$ inferiores a 5 mg O_2 g SV^{-1} h^{-1}. Son excepción a isto o cociente DBO_5 / $VECO_m$ para C1 e N2, e o cociente DEAO / $VECO_m$ para N2. O comportamento dispar de N2 en relación aos diversos índices xa se analizou na Sección 4.3.2. En canto a C1, a desviación do cociente DBO_5 / VECOm pode ser debida á moi baixa biodegradabilidade desta mostra, que presenta unha $VECO_m$ de tan só 0,36 mg O_2 g SV^{-1} h^{-1} (Táboa 4.2), o que pode causar un agrandamento dos erros relativos.

Na Figura 4.4B tamén se amosa a variación da relación $DBO_5/DEAO_{20h}$, que é moito menos acusada que a dos outros cocientes que implican o parámetro $VECO_m$. Isto pode considerarse relacionado co feito de que ambos parámetros DBO_5 e $DEAO_{20h}$ son parámetros integrados no tempo, abarcando por iso un abano máis amplos de propiedades do substrato que o parámetro VECOm. Este aspecto, xunto coa mellor correlación obtida para DBO fronte a DEAO (Táboa 4.3) suxiren a maior idoneidade destes parámetros para o estudo da estabilidade de mostras de compost e de residuos orgánicos, e particularmente do ensaio DBO_5 pola amplitude do tempo considerado.



Figura 4.4. Correlación entre os cocientes de diversos índices e o índice de referencia VECOm e valores de referencia propostos para compost estable.

Excluídos estes puntos (C1 e N2 para DBO$_5$ e N2 para DEAO$_{20h}$), e en consideración do valor constante destes cocientes no rango de VECO$_m$ de 0 a 5 mg O$_2$ g SV^{-1} h^{-1}, procedemos a obter os valores dos respectivos cocientes DBO$_5$/ VECO$_m$, DEAO$_{20h}$ / VECO$_m$ e DBO$_5$ / DEAO$_{20h}$ para VECO$_m$ < 5 mg O$_2$ g SV^{-1} h^{-1}. Os valores que se obtiveron son os seguintes:

DBO / VECO$_m$ = 27,9 ± 3,1 (n=6)

DEAO$_{20h}$ / VECO$_m$ =12,1 ± 1,2 (n=7)

DBO / DEAO = 2.3 ± 0.2 (n=6)

Así, os limiares para compost estable equivalentes a VECO$_m$ de 1 mg O$_2$ g SV^{-1} h^{-1} veñen dados por valores de DBO$_5$ de 27,9 mg O$_2$ g SV^{-1} ou de DEAO$_{20h}$ de 12,1 mg O$_2$ g SV^{-1}. Por aproximación, propomos adoptar como limiares os valores de 25 mg DBO$_5$ g SV^{-1} e de 12 mg DEAO$_{20h}$ g SV^{-1}. Con todo, a Figura 4.4 suxire que estes limiares poderían situarse no rango de 20 a 30 mg DBO$_5$ g SV^{-1} e 10 a 15 mg DEAO$_{20h}$ g SV^{-1}. Isto é razoable considerando a variabilidade innata dos ensaios biolóxicos.

4.3.4. Aplicación a residuos agroforestais.

4.3.4.1. Efecto do inóculo nas respirometrías con lodo da industria forestal.

Os ensaios de biodegradabilidade estendéronse a outro tipo de residuos que previamente foron obxecto de estudo en procesos de compostaxe (Arias *et al.*, 2019, 2017). No caso das mostras de biomasa de orixe forestal (AG4-lod, AG5-lod, AG3-cst e AG2-mat) pensouse que podían carecer dunha poboación de flora microbiana suficiente para un correcto desenvolvemento do proceso de degradación. Por este motivo, decidiuse comprobar o efecto do emprego de compost maduro de FORU como inóculo para a degradación de AG4-lod e AG5-lod, co obxectivo de achegar aqueles microorganismos que posteriormente producirían a degradación dos distintos substratos a estudar e a menor cantidade de substrato biodegradable. Como xa se indicou na Sección 4.2.3, o consumo de oxíxeno medido no ensaio con inóculo foi descontado do ensaio con substrato.

A Figura 4.5 reflicte a evolución das curvas de consumo de oxíxeno nos ensaios de VECO e de DBO_5 para as mostras AG4-lod e AG5-lod. A ausencia de inóculo condiciona os ensaios de biodegradabilidade e determina patróns de consumo de O_2 diferentes, e polo tanto diferentes valores dos respectivos índices obxecto de estudo. No ensaio sen inóculo, as velocidades de consumo de O_2 son menores ao inicio en relación ao ensaio con inóculo. No caso da mostra sen inóculo do test VECO (Figura 4.5C), o consumo foi lento ao principio e avanzou gradualmente ata acadar un valor máximo ás 20 horas, momento no que se avalía o valor da $DEAO_{20h}$. No ensaio para o mesmo substrato con inóculo (Figura 4.5A), o crecemento da velocidade de consumo de oxíxeno foi moito máis rápido e o máximo acadouse xa ás 6 h. Desta forma, aínda que os valores de $VECO_m$ resultaron similares, os valores de $DEAO_{20h}$ foi menor no ensaio sen inóculo pola limitación deste. A falta de suficiente inóculo pode verse igualmente ao comparar as curvas de DBO_5 dos ensaios con e sen inóculo (Figura 4.5B e Figura 4.5C).

Desta maneira, consideramos probada a nosa hipótese e concluímos que nos ensaios de respirometría con materiais non activados bioloxicamente ou cunha carga inherente de microorganismos moi inferior á que presenta outros materiais como é o compost (ou no seu caso os lodos de depuración ou os xurros) é necesaria a adición dun inóculo que active os consumos de O_2 dende o inicio do test. Cabe considerar incluso máis necesario o uso de inóculo no caso dos materiais AG3-cst e AG2-mat, xa que as mostras AG4-lod, AG5-lod contiñan unha pequena proporción de lodo biolóxico procedente do tratamento aerobio dos efluentes da industria de taboleiros de fibra de media densidade. Posiblemente a alta temperatura ou o baixo pH das mostras de AG4-lod, AG5-lod provocaran a inactivación dese lodo biolóxico e a clara necesidade de inóculo. Pola contra, o inóculo non se engadiu no caso da mostra de xurro e os perfís das respirometrías realizadas (datos non amosados) confirmaron que non era necesario.



Figura 4.5. Efecto do inóculo nas probas respirométricas efectuadas con AG4-lod (A e B, con inóculo) e AG5-lod (C e D, sen inóculo). As barras de erro representan o valor da desviación estándar nas DBO.

4.3.4.2. Índices de biodegradabilidade para AG3-cst, AG2-mat, AG4-lod, AG5-lod e AG1-pur.

Os resultados obtidos dos diversos índices para estes residuos e materiais son recollidos na Táboa 4. Atendendo aos valores da VECO$_m$ e a categorización proposta por Barrena *et al.* (2011), AG3-cst e AG2-mat serían substratos de baixa degradabilidade con índices respirométricos propios de axentes estruturantes, AG4-lod E AG5-lod poderían considerarse como de moderada biodegradabilidade (VECO$_m$ de 2-5 mg O_2 g SV^{-1} h^{-1}) e o AG1-pur como material altamente biodegradable, obtendo nos nosos ensaios valores moi superiores aos destes autores.

Por un lado, o AG1-pur rexistrou os maiores valores de biodegradabilidade e é un material amplamente tratado en procesos de transformación biolóxica. Baixo as condicións nas que se realizaron os ensaios, non son recomendables concentracións con AG1-pur superiores ao 2.5% dada a súa elevada biodegradabilidade. Nun extremo oposto, os residuos lignocelulósicos forestais obtiveron as menores taxas de biodegradación, con valores próximos aos 1.5 mg O_2 g SV^{-1} h^{-1}, superiores en calquera caso ao limiar de estabilidade comunmente aceptado de 1 mg O_2 g SV^{-1} h^{-1}. No caso do AG3-cst, porén, esta relación non se reflectiu no ensaio da DBO, sendo o consumo tres veces inferior ao rexistrado polo AG2-mat (7.3 fronte a 21.8 mg O_2 g SV^{-1}). En ambos casos, a pesares do elevado contido en materia orgánica de AG3-cst e AG2-mat (aproximadamente 95%), esta é maiormente de carácter recalcitrante e dificilmente biodegradable polos microorganismos.

Táboa 4.4. Indicadores de biodegradabilidade para residuos agroforestais amplamente representados en Galicia.

	VECO$_m$ (mg O_2 $SV^{1}\cdot h^{-1}$)	**DEAO$_{20h}$** (mg O_2 g SV^{1})	**Media DBO** (mg O_2 g SV^{1})	**Inc. T ºC***	**ratio DBO/DEAO**
AG2-mat	1,6	17,1	21,8	nd	1,27
AG4-lod 1	2,5 ± 0.1	34,4 ± 2.6	48,6 ± 4.0	36.1^{a} ± 0.3	1,41
AG5-lod	3,2 ± 0.6	31,3 ± 6.1	50,2 ± 2.9	27.5^{b} ± 1.3	1,60
AG3-cst	1,5 ± 1.0	12,9 ± 8.2	7,3 ± 0.3	nd	0,57
AG1-pur	38,3 ± 14.3	346,8 ± 56.2	1327.0 ± 7.5	nd	3,83

a: con estruturante. b: sen estruturante. nd: Non dispoñible.

Do mesmo xeito, no caso de AG4-lod e AG5-lod, a pesares do seu elevado contido en materia orgánica (cerca do 90%) os ensaios respirométricos amosan unha baixa taxa de degradabilidade (VECO$_m$ aproximada de 3 mg O_2 g SV^{-1}). O alto contido en lignina (48%, datos non amosados), celulosa e hemicelulosa de AG4-lod e AG5-lod poderían explicar este resultado. Porén, no test Dewar este material acada unha clasificación de inestabilidade (36.1 ºC, Clase II, empregando estruturante) ou moderadamente inestable (27.5 ºC, clase III, sen o emprego de estruturante). No primeiro caso, a función da evolución do gradiente de temperatura contra o tempo adopta a clásica forma cóncava cun único e máximo punto de inflexión que acada o valor de 36ºC aos 6 días. En ausencia de estruturante a forma da función é oscilante, acadando un primeiro máximo de 23ºC aos 3 días, e un segundo máximo de 27.2 ºC aos 15 días. Esta variabilidade de resultados en materiais diferentes ao compost, material para o que foi inicialmente testado o método de Brinton *et al.* (1995), pon de manifesto a necesidade de definición das condicións de operación para outro tipo de materiais distintos ao compost, como pode ser o caso da propia FORU, e en xeral daqueles materiais que poidan precisar ben estruturante ou inóculo.

A Táboa 4.5 contén as correlacións entre parámetros para estas mostras, excluída a mostra AG1-pur pola elevada diferenza en biodegradabilidade ás outras catro. Os valores de DEAO$_{20h}$ e DBO aumentan a maiores valores da VECO$_m$, se ben as correlacións obtidas non son estatisticamente significativas (p>0,05), probablemente debido ao reducido número de mostras. A correlación entre DBO$_5$ e DEAO$_{20h}$ si resultou significativa (p=0,02), e presenta unha pendente moi similar á que se obtivo para as mostras de FORU e compost (Táboa 2). A diferenza principal amósase na ordenada na orixe, que indicaría unha DBO$_5$ sistematicamente máis reducida, de tal forma que a DBO$_5$ sería nula para valores de DEAO inferiores a 8 mg O_2 g SV^{-1}.

Táboa 4.5. Correlacións entre parámetros para as mostras AG3-cst, AG2-mat, AG4-lod e AG5-lod.

Correlacións	**Ecuación**	**R²**	**Nº**	**p**
DBO vs DEAO	y = 1,96x - 14,83	R^2 = 0,963	4	0,02
DEAO vs VECO$_m$	y = 11,51x - 1,40	R^2 = 0,774	4	0,08
DBO vs VECO$_m$	y = 24,02x - 20,86	R^2 = 0,847	4	0,12

Aínda que, polas razóns indicadas, non se incluíron os valores de AG1-pur nas correlacións da Táboa 4.5, os parámetros obtidos correlacionan ben entre si. A DEAO e a DBO_5 resultan próximos aos que se poden predicir por extrapolación das ecuacións das Táboas 4.2 e 4.5.

Tomando como referencia os materiais procedentes da compostaxe de FORU (DBO / DEAO = 2,3 ± 0,2 para $VECO_m < 5$ mg O_2 g SV^{-1} h^{-1}), neste outro tipo de residuos as relacións DBO/DEAO non parecen gardar un valor central tan marcado, tendo resultado claramente menor (Táboa 4.4). Isto non pode ser atribuído á ausencia de microorganismos debido ao seu aporte externo (inóculo) nas probas aquí practicadas. Para materiais de difícil ou máis lenta degradación, os valores desta ratio oscilaron entre os 0.57 para o AG3-cst e 1.60 para o LIF. Deste rango, disociase o AG1-pur de natureza oposta en canto a biodegradación no que se acada un valor de 3.8.

4.3.5. Valoración global e discusión.

A Figura 4.6 contén a correlación global para todas as mostras, excluídas N2 e AG1-pur. Cun valor elevado do coeficiente de correlación (R^2 = 0,971), a correlación entre ambos métodos é estatisticamente significativa a un nivel p=0,001. Nesta perspectiva, o menor valor do cociente DBO_5 / $DEAO_{20h}$ para as mostras AG apréciase menos significativo, e podería deberse simplemente á variabilidade intrínseca dos ensaios biolóxicos como os empregados neste estudo. De feito, Vázquez (2015) tamén obtivo valores de 1,6 para o cociente DBO_5/ $DEAO_{20h}$ con mostras de compost, aínda que o número de ensaios era moi limitado.



Figura 4.6. Relación entre a DBO5 e a DEAO20h para as mostras de diferente orixe (excluídas N2 e AG1-pur).

Veeken *et al.* (2007) e Aspray *et al.* (2015) empregaron o OxiTop® con mostras de compost en suspensión incubadas durante 7 días. Veeken *et al.* (2007) propuxeron unha escala de estabilidade en función dos valores da DBO7 (mg O_2 g SV^{-1}): <28 (moi estable), 28-77 (estable), 77-161 (inestable) e > 161 (moi inestable). Os nosos resultados coinciden parcialmente con esta clasificación, xa que se obtivo o índice de respiración para compost estable (mostras con $VECO_m$ por baixo de 1 mg O_2 g SV^{-1} d^{-1}) de 25 mg O_2 g SV^{-1} (como DBO_5) como se indicou anteriormente. Aínda que nos nosos ensaios o tempo de medición estendeuse a 7 días, a evolución das curvas DBO (ver por exemplo a Figura 4.2 e Figura 4.3) suxire que o correspondente DBO7 non debe ser moi diferente ao DBO_5 obtido. Ademais, Veeken *et al.* (2007) obtiveron valores ao redor de 140 mg O_2 g SV^{-1} para biorresiduos compostados durante 1-2 semanas, similares ás nosas mostras de compostos inestables, mentres que os valores máis altos, que oscilan entre os 280-1610 mg O_2 g SV^{-1} foron obtidos para biorresiduos frescos. No noso estudo, todos os valores de DBO_5 superiores a 100 mg O_2 g SV^{-1} correspondían a biorresiduos frescos ou compostos moi inestables (Táboas 4.2 e 4.4).

Aspray *et al.* (2015) subliñou unha forte correlación entre o índice de respiración obtido mediante o OxiTop® cunha mostra en suspensión e dous respirómetros dinámicos. O OxiTop® ofreceu valores similares de taxas de respiración de ata 50 mg O_2 g SV^{-1} d^{-1} pero valores aproximadamente 2,5 veces maiores para as taxas de respiración comprendidas entre 70 e 212 mg O_2 g SV^{-1} d^{-1}. Esta sobreestimación de altas taxas de biodegradabilidade explicouse porque as mostras altamente activas saíron do rango do test requirindo estimacións de resultados mediante extrapolación a partires dunha cantidade de datos limitados. Os resultados de Aspray *et al.* (2015) suxiren que non se debe obter un índice de respiración extrapolando a partir de períodos limitados de datos, preferíndose a unha nova aireación abrindo as botellas e reiniciando as lecturas.

Os ensaios respirométricos en fase líquida requiren a dispersión dunha mostra de compost na auga. Lasaridi e Stentiford (1998) propuxeron o uso dunha cantidade dentro do rango de 3-8 g de mostra húmida. Na práctica, o establecemento dunha mostra mínima de compost de 5 g (en base húmida) a dispersar en 500 ml de auga, e considerando un rango de 0,1-0,4 g SV por g de materia fresca para a maioría dos composts de orixes diferentes, o valor máximo da DBO_5 para este equipo de DBO (escala A, de ata 1000 mg de DBO L^{-1} con 100 ml de mostra líquida) estará no rango de 250-1000 mg O_2 g SV^{-1}.

Aínda que este rango é representativo da taxa de respiración de varios residuos orgánicos frescos, tamén significa que as lecturas poden quedar fóra do rango e nalgúns casos pode ser necesaria a apertura, o restablecemento e reinicio da lectura. Con esta operación, o método da DBO proposto pode aplicarse a calquera residuo orgánico independentemente da súa taxa de biodegradabilidade. Non obstante, en vez de preparar só 500 ml de dispersión, recomendamos o uso dunha mostra maior nun grande volume, como por exemplo 50 g de materia fresca en 5 L de auga, o que permite o uso dunha mostra moito máis representativa.

Os nosos resultados, así como os de Veeken *et al.* (2007) e Aspray *et al.* (2015) indican claramente que a determinación da DBO dunha dispersión de compost en auga é un método fiable para obter o seu índice de respiración. Non obstante, mentres que Veeken *et al.* (2007) e Aspray *et al.* (2015) usaron equipos sofisticados especificamente designados para a análise de mostras de compost e residuos orgánicos, os nosos resultados confirman que se poden obter resultados similares con aparellos manométricos ordinarios empregados para a análise da DBO de augas residuais. A principal vantaxe deste método alternativo é a sinxeleza de operación, o baixo custo dos equipos e a súa frecuente dispoñibilidade na marioría de laboratorios, conservando as vantaxes dos métodos de suspensión acuosa en comparación cos métodos nos que se emprega unha mostra sólida (Lasaridi e Stentiford, 1998 ; Grigatti *et al.*, 2007; Wagland *et al.*, 2009).

A pesar da boa correlación entre indicadores obtida (Figura 4.6), a validación do método da DBO como unha técnica aplicable a residuos distintos do FORU e compost de FORU, precisaría do estudo dun maior número de mostras e tipos de residuos. Tamén sería necesario estudar e definir axeitadamente as condicións de realización dos ensaios de respirometría no que se refire ao uso de inóculo e concentración de substrato. A relación entre biomasa activa e substrato non está definida en xeral nestes métodos biolóxicos, nin sequera no método estándar de DBO_5 para augas residuais, pero esa relación pode afectar significativamente os valores dos índices obtidos, dado o carácter limitado no tempo dos ensaios e a degradación parcial acadada nos mesmos. De feito, a presenza de inóculo en suficiente cantidade podería explicar un valor relativamente máis elevado dos índices obtidos cos ensaios máis curtos como a DEAO, fronte aos máis longos como a DBO5, e desta forma a menor relación DBO5/ $DEAO_{20h}$ que se mostra na Táboa 4.4.

4.4. CONCLUSIÓNS.

Para o presente estudo utilizáronse 7 mostras representativas do proceso de tratamento da FORU, procedentes de dúas plantas a escala industrial, 4 mostras procedentes de pequenos composteiros domésticos ou de compostaxe local, e 5 mostras de residuos agroforestais. Os índices respirométricos obtidos mediante o ensaios de DBO_5 correlacionáronse a un nivel estatisticamente significativo ($p<0.001$) cos obtidos no método respirométrico de referencia ($VECO_m$ e $DEAO_{20h}$) e no método de autoquecemento estándar (incremento de temperatura).

O limiar de estabilidade para mostras de FORU e compost procedentes de FORU estableceuse en 25 mg O_2 /g SV^{-1} de DBO_5. Tamén se obtivo un valor de limiar para $DEAO_{20h}$ de 12 mg O_2 g SV^{-1}. Para este tipo de mostras obtivéronse as seguintes relacións: DBO_5/ $VECO_m$ = 27,9 ± 3,1 (n=6), $DEAO_{20h}$ / $VECO_m$ =12,1 ± 1,2 (n=7) e DBO_5/ $DEAO_{20h}$= 2.3 ± 0.2 (n=6). A aplicación a residuos agroforestais ofreceu resultados similares, se ben a relación DBO_5/ $DEAO_{20h}$ foi inferior, situándose arredor de 1,5.

Como conclusión xeral, a aplicación do ensaio da DBO_5 á determinación da estabilidade de compost e residuos orgánicos caracterizase pola súa sinxeleza e por ofrecer un parámetro único, correspondente ao consumo de oxíxeno acumulado ao cabo de 5 días de ensaio. A súa aplicación a residuos ou materiais orgánicos con reducido contido en microorganismos activos require a adición dun inóculo, do mesmo modo que para os métodos de referencia. Este aspecto e a aplicación dos diferentes métodos ao este tipo de residuos precisa de maior investigación.

4.5. REFERENCIAS.

Adhikari, B.K., Trémier, A., Barrington, S., 2012. Performance of five Montreal West Island home composters. Environ. Technol. 33, 2383–2393. https://doi.org/10.1080/09593330.2012.670267

Adhikari, B.K., Trémier, A., Martinez, J., Barrington, S., 2010. Home and community composting for on-site treatment of urban organic waste: perspective for Europe and Canada. Waste Manag. Res. 28, 1039–1053. https://doi.org/10.1177/0734242X10373801

Andersen, J.K., Boldrin, A., Christensen, T.H., Scheutz, C., 2012. Home composting as an alternative treatment option for organic household waste in Denmark: An environmental assessment using life cycle assessment-modelling. Waste Manag. 32, 31–40. https://doi.org/10.1016/j.wasman.2011.09.014

APHA, 2005. Standard Methods for the Examination of Water and Wastewater, 21st ed. American Public Health Association, American Water Works Association and the Water and Environment Federation, Washington. USA.

Arias, O., Viña, S., Soto, M., 2019. Co-composting of forest and industrial wastes watered with pig manure. Environ. Technol. 1–42. https://doi.org/10.1080/09593330.2019.1643411

Arias, O., Viña, S., Uzal, M., Soto, M., 2017. Composting of pig manure and forest green waste amended with industrial sludge. Sci. Total Environ. https://doi.org/10.1016/j.scitotenv.2017.02.118

Aspray, T.J., Dimambro, M.E., Wallace, P., Howell, G., Frederickson, J., 2015. Static, dynamic and inoculum augmented respiration based test assessment for determining in-vessel compost stability. Waste Manag. 42, 3–9. https://doi.org/10.1016/j.wasman.2015.04.027

Barrena, R., d'Imporzano, G., Ponsá, S., Gea, T., Artola, A., Vázquez, F., Sánchez, A., Adani, F., 2009. In search of a reliable technique for the determination of the biological stability of the organic matter in the mechanical–biological treated waste. J. Hazard. Mater. 162, 1065–1072. https://doi.org/10.1016/j.jhazmat.2008.05.141

Barrena, R., Gea, T., Ponsá, S., Ruggieri, L., Artola, A., Font, X., Sánchez, A., 2011. Categorizing Raw Organic Material Biodegradability Via Respiration Activity Measurement: A Review. Compost Sci. Util. 19, 105–113. https://doi.org/10.1080/1065657X.2011.10736985

Barrena, R., Vázquez, F., Sánchez, A., 2006. The use of respiration indices in the composting process: a review. Waste Manag. Res. 24, 37–47. https://doi.org/10.1177/0734242X06062385

Bernal, M.P., Paredes, C., Sánchez-Monedero, M.A., Cegarra, J., 1998. Maturity and stability parameters of composts prepared with a wide range of organic wastes. BioreVECO. Technol. 63, 91–99. https://doi.org/10.1016/S0960-8524(97)00084-9

Binner, E., Böhm, K., Lechner, P., 2012. Large scale study on measurement of respiration activity (AT4) by Sapromat and OxiTop. Waste Manag. 32, 1752–1759. https://doi.org/10.1016/j.wasman.2012.05.024

Bożym, M., 2012. Analytical issues in the assessment of waste stabilisation degree after biological treatment. Chemik 66, 1211–1218.

Brinton, W.F., Evans, E., Droffner, M., Brinton, R., 1995. A standardized dewar test for evaluation of compost self-heating. BioCycle 36, 60–65.

Comesaña, I.V., Alves, D., Mato, S., Romero, X.M., Varela, B., 2017. Decentralized Composting of Organic Waste in a European Rural Region: A Case Study in Allariz (Galicia, Spain), in: Mihai, F.-C. (Ed.), Solid Waste Management in Rural Areas. InTech. https://doi.org/10.5772/intechopen.69555

Cossu, R., Raga, R., 2008. Test methods for assessing the biological stability of biodegradable waste. Waste Manag. 28, 381–388. https://doi.org/10.1016/j.wasman.2007.01.014

EC, 2014. End-of-waste criteria for biodegradable waste subjected to biological treatment (compost & digestate): technical proposals. Publications Office, Luxembourg.

Grigatti, M., Pérez, M.D., Blok, W.J., Ciavatta, C., Veeken, A., 2007. A standardized method for the determination of the intrinsic carbon and nitrogen mineralization capacity of natural organic matter VECOces. Soil Biol. Biochem. 39, 1493–1503. https://doi.org/10.1016/j.soilbio.2006.12.035

Iqbal, M.K., Shafiq, T., Ahmed, K., 2010. Effect of different techniques of composting on stability and maturity of municipal solid waste compost. Environ. Technol. 31, 205–214. https://doi.org/10.1080/09593330903426703

Lasaridi, K.E., Stentiford, E.I., 1998. A simple respirometric technique for assessing compost stability. Water Res. 32, 3717–3723. https://doi.org/10.1016/S0043-1354(98)00143-2

Lleó, T., Albacete, E., Barrena, R., Font, X., Artola, A., Sánchez, A., 2013. Home and vermicomposting as sustainable options for biowaste management. J. Clean. Prod. 47, 70–76. https://doi.org/10.1016/j.jclepro.2012.08.011

Lü, F., Shao, L.-M., Zhang, H., Fu, W.-D., Feng, S.-J., Zhan, L.-T., Chen, Y.-M., He, P.-J., 2017. Application of advanced techniques for the assessment of bio-stability of biowaste-derived residues: A minireview. BioreVECO. Technol. https://doi.org/10.1016/j.biortech.2017.06.045

Oviedo-Ocaña, E.R., Torres-Lozada, P., Marmolejo-Rebellon, L.F., Hoyos, L.V., Gonzales, S., Barrena, R., Komilis, D., Sanchez, A., 2015. Stability and maturity of biowaste composts derived by small municipalities: Correlation among physical, chemical and biological indices. Waste Manag. https://doi.org/10.1016/j.wasman.2015.07.034

Scaglia, B., Erriquens, F.G., Gigliotti, G., Taccari, M., Ciani, M., Genevini, P.L., Adani, F., 2007. Precision determination for the specific oxygen uptake rate (VECO) method used for biological stability evaluation of compost and biostabilized products. BioreVECO. Technol. 98, 706–713. https://doi.org/10.1016/j.biortech.2006.01.021

Vázquez, M., 2015. Compostaxe descentralizada de residuos orgánicos: do ámbito doméstico á granxa. Tese doutoral. Universidade de A Coruña. A Coruña. https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/16053

Vázquez, M.A., Sen, R., Soto, M., 2015. Physico-chemical and biological characteristics of compost from decentralised composting programmes. BioreVECO. Technol. 198, 520–532. https://doi.org/10.1016/j.biortech.2015.09.034

Wagland, S.T., Tyrrel, S.F., Godley, A.R., Smith, R., 2009. Test methods to aid in the evaluation of the diversion of biodegradable municipal waste (BMW) from landfill. Waste Manag. 29, 1218–1226. https://doi.org/10.1016/j.wasman.2008.08.024

CAPÍTULO V

METHANE PRODUCTION POTENTIAL AND ANAEROBIC TREATABILITY OF WASTEWATER AND SLUDGE FROM MEDIUM DENSITY FIBREBOARD MANUFACTURING

Unha versión adaptada deste capítulo foi publicada como:

Arias, O., Ligero, P., Soto, M., 2020. Methane production potential and anaerobic treatability of wastewater and sludge from medium density fibre board manufacturing. Journal of Cleaner Production 123283. https://doi.org/10.1016/j.jclepro.2020.123283

5. METHANE PRODUCTION POTENTIAL AND ANAEROBIC TREATABILITY OF WASTEWATER AND SLUDGE FROM MEDIUM DENSITY FIBREBOARD MANUFACTURING.

ABSTRACT

This research evaluates the suitability of anaerobic digestion of different waste streams derived from Medium Density Fibreboard (MDF) manufacturing. Methane production potential and anaerobic treatability were firstly assessed in batch assays from raw wastewater, physical-chemical pre-treated wastewater, as well as from sludge generated by current wastewater treatment at an industrial facility. Single-feeding and multi-feeding (semi-continuous feeding) experiments were conducted to quantify methane production and methanogenic toxicity. Digestion of the raw wastewater produced 4.0 L CH_4/L, which required dilution of the wastewater to 30-40% because severe toxicity was observed at 40% raw wastewater. Digestion of current process sludge produced 21.4 mL CH_4/g raw sludge, but it also required dilution to avoid toxicity. Working with these substrates, the necessary dilution led to a maximum concentration of soluble chemical oxygen demand (COD) of 4.2-4.6 g/L in the digestion medium, while the conversion of total COD to methane remained below 22%. Pre-treated wastewater in the current industrial process did not show inhibition, but gave a low methane production of only 0.8 L CH_4/L. An alternative treatment scheme consisting of simple sedimentation of raw wastewater followed by pre-aeration showed enhanced methane production of 4-4.8 L CH_4/L at higher concentrations of up to 80% wastewater in the assay medium. Sedimentation allows increasing the SCOD in the digestion medium up to 6.9 g/L, while the additional pre-aeration further increased the SCOD to 12.9 g/L without inhibition of methane production. Conversion of total COD to methane during the exponential phase increased to 64%. Simple sedimentation also removed 82% of suspended solids, which would help prevent clogging and improve anaerobic treatability in continuous digesters.

Keywords: MDF industry; wastewater; sludge; methane; bioenergy.

Abbreviations list

COD	Chemical Oxygen Demand
SCOD	Soluble Chemical Oxygen Demand
TSS	Total Suspended Solids
VSS	Volatile Suspended Solids
VFA	Volatile Fatty Acids
RW	Raw wastewater
TW	Treated raw wastewater
MDF	Medium Density Fibreboard
MDFS	Medium Density Fibreboard Sludge
PTW	Pre-treated wastewater
DW	Decanted wastewater
ADW	Pre-aerated decanted wastewater
SS	Sedimentation sludge
MPP	Methane Production Potential
MMPR	Maximum Methane Production Rate
MPPe	Cumulative methane produced during the high rate exponential phase
ACT	Percentage of methanogenic activity

5.1. INTRODUCTION.

Medium Density Fibreboard (MDF) production grew worldwide over the last decade. The capacity of the largest global MDF producers constantly increased during the 2005-2015 decade. Records of 2016 indicate a global production of 123.569.000 m^3/year. About one quarter of that total production was located in Europe (Tarling, L. *et al.*, 2016). MDF factories are energy-consuming facilities. Electricity and thermal energy are produced from wood-based fuels and natural gas. When there is no ready access to natural gas, liquid fuels are used as an alternative (Raunkjær *et al.*, 2016). 280.5 kWh of electricity, 167.6 kg of wood fuel and 17.4 m^3 of natural gas are needed to produce 1.0 m^3 of MDF panel (Piekarski *et al.*, 2017). This production requires more electricity (almost twice) and natural gas than other wood particleboards. Thus, the main proposed ways to improve the environmental life cycle of MDF panels involve the elimination or reduction of natural gas and electricity consumption (Piekarski *et al.*, 2017). On-site production of biogas from MDF waste and wastewater could be an interesting option to consider.

Water requirements for MDF manufacturing are usually higher than for other wood-based panels (Raunkjær *et al.*, 2016). Van Asch *et al.* (2016) and Fernández *et al.* (2001). Quantified significant consumption ratios of 1.5 and 3 m^3, respectively, for the production of 1 m^3 of MDF panel. Raunkjær *et al.* (2016) reported wastewater discharge figures between 0.07 and 3.1 m^3/t of dry pulp, while Fernández *et al.* (2001) reported the correlation between flow and organic content in wastewater. From these data, an average wastewater generation of approximately 0.32 m^3/m^3 of MDF panel can be estimated as a reference value. The type of wood used in the fibreboard production process affects the composition of the final effluent (Ben *et al.*, 2011).

MDF raw wastewater is poor in nutrients, rich in carbohydrates and wood extractives (polyphenols and organic acids), presents low pH (ranging from 4 to 5 pH units), high content of total and volatile suspended solids (TSS, VSS) and high chemical oxygen demand (COD) (Lindemann *et al.*, 2019; Balcik-Canbolat *et al.*, 2016; Ben *et al.*, 2011; Galehdar *et al.*, 2009). Particulate matter ranges from 10 to 35 g TSS/L and total organic matter from 30 to 55 g COD/L. Data about the soluble fraction and the biodegradability is scarce but Ben *et al.* (2011) reported 35% of COD as soluble (14767 mg soluble COD/L) whilst a similar percentage was biodegradable in aerobic conditions. MDF wastewater is very different from wastewater of the wet process of fibreboard production because of the higher content of suspended solids of the former. Typical fibreboard wastewater contains less than 2 g TSS/L and a TSS/COD ratio lower than 0.06 (Soto *et al.*, 1991a; Eroglu *et al.*, 1994; Fernández *et al.*, 2001). This difference could be the reason why fibreboard wastewater is being anaerobically treated whilst MDF wastewater is not.

Treatment of MDF wastewater is required prior its free discharge over aquatic or terrestrial ecosystems. In MDF facilities, wastewater treatment consists of physicochemical techniques to remove wood fines and solids prior to the secondary aerobic biological process (Raunkjær *et al.*, 2016). As for physicochemical primary treatment, flocculation and sedimentation or coagulation-assisted flotation are the most common (Raunkjær *et al.*, 2016). Using these processes, data from four MDF production plants indicate that removal rates range from 50 to 95% for TSS and from 30 to 60% for COD. Laboratory optimized experiments using the response surface methodology increased the efficiency of the coagulation-flocculation process to 91.1, 85.5, and 93.4 percentage elimination of COD, TSS, and turbidity, respectively (Ghorbannezhad *et al.*, 2016). Among other proposed methods, evaporation presents serious disadvantages (too expensive in terms of energy and maintenance besides inadequacy of capacity) (Galehdar *et al.*, 2009). Reverse osmosis required strict pre-cleaning operations of the effluent (Portenkirchner *et al.*, 2003). Other physicochemical treatments were proposed to reduce COD, colour and suspended solids of pre-treated MDF wastewater: Photo-assisted Fenton Oxidation process reached COD removal of up to 96% (Galehdar *et al.*, 2009); Fenton enhanced hydrodynamic cavitation process reached 70% COD, 80% formaldehyde and 89% colour removal (Balcik-Canbolat *et al.*, 2016).

A literature review reported that biological treatments resulted ineffective due the presence of non-biodegradable and refractory compounds (Balcik-Canbolat *et al.*, 2016; Galehdar *et al.*, 2009). At this respect, Lindermann *et al.* (2019) proposed the selective recovery of polyphenols from MDF process wastewater as polyphenols constitute a potential valuable resource and its removal would reduce toxicity for possible subsequent biological treatments. Nevertheless no references were found in relation to biological treatments in the absence of oxygen despite anaerobic digestion largely being used to treat a wide range of wastewaters (Poh *et al.*, 2015; Prakash *et al.*, 2018).

Biogas is a renewable fuel whose production is increasing worldwide, accounting for 1.2% of total electricity production and almost 10% of renewable energy (Kamusoko *et al.*, 2019; Ali *et al.*, 2020). More than half of biogas production takes place in Europe from organic waste such as the organic fraction of municipal solid waste, sewage sludge, food waste and industrial effluents, as well as energy crops and livestock waste (Xu *et al.*, 2018; Esteves *et al.*, 2019; Kamusoko *et al.*, 2019; Ali *et al.*, 2020). The same substrates are used worldwide, although the potential of livestock and crop residues for biogas generation may be higher in other regions (Esteves *et al.*, 2019; Ali *et al.*, 2020). The type of substrate, the transport needs of raw materials or biogasification products and the efficiency of the anaerobic reactor and biogas use (transformation to electricity, residual heat, etc.) are the main factors that determine the sustainability of biogas production (Aghbashlo *et al.*, 2019; Esteves *et al.*, 2019 ; Tabatabaei *et al.*, 2020). The use of organic waste is generally advisable over the use of agricultural substrates such as energy crops, but the efficiency of digestion of various waste streams is reduced and the application of pre-treatments may be necessary to increase biogas production (Esteves *et al.*, 2019; Tabatabaei *et al.*, 2020).

